# AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

## Grao en Dereito

## Curso académico 2023/2024

- Datos da universidade e do título obxecto de seguimento
- Cumprimento do proxecto establecido
  - Dimensión 1. A xestión do título
    - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
    - Criterio 2. Información e transparencia
    - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
  - Dimensión 2. Recursos
    - Criterio 4. Recursos Humanos
    - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
  - Dimensión 3. Resultados
    - Criterio 6. Resultados de aprendizaxe
    - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
- Modificacións do plan de estudos
- Listaxe de evidencias e indicadores

- Plan de Melloras
  - Abertas Curso 2023-2024
    - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
    - Criterio 2 - Información e transparencia
      - AM-03
    - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
    - Criterio 4 - Recursos humanos
    - Criterio 5 - Recursos materiais
      - AM-07
    - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
    - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento

        - Outros Criterios
    - Finalizadas Curso 2023-2024
        - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
            - AM-01
            - AM-02
        - Criterio 2 - Información e transparencia
            - AM-04
        - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
            - AM-05
        - Criterio 4 - Recursos humanos
        - Criterio 5 - Recursos materiais
            - AM-06
        - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
            - AM-08
        - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
        - Outros Criterios
    - Accions de axendas anteriores finalizadas no intervalo da Axenda actual
        - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
        - Criterio 2 - Información e transparencia
        - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
        - Criterio 4 - Recursos humanos
        - Criterio 5 - Recursos materiais
            - AM-06
            - AM-07
            - AM-5
        - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe

    - AM-10
- Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
- Outros Criterios
    - AM-01
    - AM-04

| 1. DATOS DO TÍTULO | |
|---|---|
| Denominación do título | Grao en Dereito |
| Mencións/Especialidades | **Mencións/Especialidades** |
| Universidade responsable administrativa | Universidade de Santiago de Compostela |
| En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s | - |
| Centro responsable | Facultade de Dereito |
| Centro/s onde se imparte | Facultade de Dereito |
| Rama de coñecemento | Ciencias Sociais e Xurídicas |
| Número de créditos | 240 |
| Profesión regulada | Non |
| Modalidade de impartición | Estudo presencial |
| Curso de implantación | 2010 |
| Data acreditación ex ante (verificación) | 20/07/2016 |
| Data renovación acreditación | 18/01/2023 |

## 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

**Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.**

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

**1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.**

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**Grao en Dereito**

Os estudos xurídicos estiveron presentes na Universidade europea de maneira ininterrompida desde os seus orixes no século XI, aínda que a existencia de escolas de formación de xuristas é anterior e está difundida en todo tipo de culturas e civilizacións. Por tanto, o interese académico, científico e profesional da impartición dun título xeneralista de Grao en Dereito está fóra de toda dúbida. En particular, na Universidade de Santiago de Compostela, a Facultade de Dereito retrotrae os seus orixes ao ano 1649 e desde entón ocupouse da formación xurídica universitaria en Galicia de xeito exclusivo ata os anos oitenta do século pasado, cando se implantaron as demais Facultades xurídicas do Sistema Universitario Galego.

Aínda na actualidade, o Grao en Dereito que ofrece a Facultade segue a ser o máis demandado de todo o Sistema Universitario Galego, mantendo a súa relevancia. O título de Graduado en Dereito conserva a súa importancia, tanto polos requirimentos do ámbito académico como polos científicos e profesionais, reflectindo así o interese e a necesidade dunha formación xurídica integral e actualizada.

A matrícula global no Grao en Dereito no curso 2023/2024 foi de 873 estudantes. (IN02C).



# Grao en Dereito

No curso 2023/2024 recibíronse un total de 956 solicitudes (INF.CIUG_2023-2024) para unha oferta de 170 prazas de novo ingreso (IN01C), o que representa un incremento del 14,35% respecto a los datos del curso anterior. Esta elevada demanda é, sen dúbida, unha das fortalezas da titulación.




Das 956 solicitudes recibidas, un total de 283 (29,6%) estudantes amosaron a súa preferencia polo Grao en Dereito como primeira opción; 246 (27.7%) como segunda; 154 (16,1%) como terceira; 120 (12,6%) como cuarta; 84 (8,8%) como quinta; 29 (3%) como sexta; 19 (2%) como sétima; 10 (1%) como oitava; 10 (1%) como novena e 1 (0,1%) como décima opción.

No primeiro prazo de chamamento para a matrícula, confirmaron a súa praza 171 estudantes, o que supón o 100,6 % das prazas ofertadas. Do total de matriculados (un total de 180), o 96,11% (n= 173) proceden de España e 3,89% (n= 7) doutros países da Unión Europea ou de Estados con acordos de recoñecemento. Entre os estudantes de orixe española, o 97,11% (n= 168) proceden de Galicia e o 2,89% (n= 5) doutras comunidades autónomas.

A nota de corte para o acceso ao Grao foi de 9,093. A nota media do alumnado matriculado procedente de Bacharelato ascendeu a 11,021, cun total de 11 estudantes cunha cualificación entre 13 e 14 puntos. No caso do alumno procedente de Formación Profesional, a nota foi de 11,180 (INF.CIUG_2023-2024). O 91,90% do estudantado matriculouse por primeira vez tendo escollido esta titulación como primeira opción. O 100% do alumnado accedeu cunha cualificación igual ou superior a 6,0 (IN07G).

Certamente, como xa se destacou en diversos informes de seguimento, así como no informe final de renovación da acreditación do Grao en Dereito da ACSUG, de 23 de decembro de 2022, o número de prazas ofertadas para cursar o Grao en Dereito (170) non coincide co recollido na Memoria de Verificación do título (240 prazas nos dous primeiros anos e 300 nos dous seguintes), poñéndose de manifesto a necesidade de adaptar dita memoria á realidade actual. Para iso, introduciuse unha acción de mellora (**AM-01 Curso 2022-2023**), que se deu por finalizada tras a aprobación pola Comisión de Docencia e Calidade o 9 de abril e a súa ratificación pola Xunta da Facultade de Dereito o 15 de abril de 2024, o Consello de Goberno da USC o 25 de xuño de 2024 e o Consello Social da USC o 26 de xuño de 2025 da memoria para a solicitude de verificación do título de Grao en Dereito, na que se especifica que o número máximo de prazas de novo ingreso ofertadas no primeiro curso será de 170.

A composición do alumnado que cursa o Grao en Dereito na USC non se reduce unicamente ao estudantado de novo ingreso procedente das probas de acceso á universidade (PAU). A esta incorporación inicial súmaselle unha porcentaxe significativa de estudantes que acceden por outras vías: persoas que xa cursaron parcialmente o Grao en Dereito noutras universidades españolas, así como estudantes procedentes doutras titulacións da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas, tanto da USC como doutras institución que continúan os seus estudos na nosa Facultade tras solicitar o recoñecemento de materias ou mediante o correspondente traslado de expediente. Así, no curso 2023/2024 as solicitudes de recoñecemento de créditos para continuar os estudos no Grao en Dereito da USC foi de 42. Destas solicitudes, 34 eran de estudantes procedentes doutras Universidades e/ou titulación de España, en concreto:

- Dobre Itinerario Dereito/Relacións Laborais e Recursos Humanos USC: 8
- Grado en Dereito U. de A Coruña: 1

- Grao en Dereito U. Vigo: 3
- Grao en Dereito U. Salamanca: 1
- Grao en Dereito U. Alcalá: 1
- Grao en Dereito UEM: 1
- Grado en Dereito UNED: 7
- Grao en Dereito Valladolid: 2
- Grao en Ciencia Política USC: 3
- Grao en ADE USC: 1
- Grao en Relacións Laborais USC: 2
- Grao en Economía U.Carlos III: 1
- Dobre Grao Xornalismo/Comunicación audiovisual URJC: 1
- Dobre Grao Dereito/Criminoloxía U. Barcelona: 1
- Técnico Superior en Integración Social: 1

Os 8 estudantes restantes accederon tras un proceso de validación parcial de estudos estranxeiros e teñen como países de procedencia os seguintes:

- Cuba: 1
- Perú: 6
- Uruguay: 1

Debemos tamén destacar o papel da Facultade de Dereito como centro de destino para estudantes doutras universidades que elixen realizar un intercambio de estudos no noso centro. No curso 2023/2024, un total de 30 estudantes completaron unha estadía na facultade: 6 a través do programa SICUE (20%), 14 mediante o programa Erasmus (46,67%) e 10 no marco de convenios con outras universidades (33,33%) (INF03).

O grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación é de 3,2 sobre 5 (IN42G), aínda que cómpre sinalar que a taxa de participación nesta enquisa foi moi reducida, do 6,44 % do estudantado.




O Grao en Dereito ofrece tamén unha formación práctica de grande relevancia, que permite ao estudantado aplicar os coñecementos teóricos adquiridos ao longo da titulación, ao tempo que explora e orienta as súas preferencias en relación co futuro profesional. A este respecto, a porcentaxe de estudantes egresados no curso 2023/2024 que ao longo dos seus estudos realizaron prácticas en empresas e institucións foi do 46,15% (IN22G).




Reseñable é o dato de que o 83,33% dos titores que repostaron a enquisa de satisfacción coa titorización sinalaron que contratrarían ao estudante e o 100% que volvería a ofertar esa praza de prácticas. Estos datos mantéñense na liña dos obtidos no curso anterior.

**Dobre itinerario en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos**

Polo que respecta ao Dobre Itinerario en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos a matrícula global no curso 2023/2023 foi de 74 estudantes (IN02C).




No curso 2023/2024 recibíronse un total de 133 solicitudes para cursar o Dobre Itinerario (INF.CIUG_2023-2024) para unha oferta de 20 prazas, o que representa unha reducción do 5% respecto do dato do curso anterior.



Das 133 solicitudes recibidas, un total de 31 (23,3%) estudantes amosaron a súa preferencia polo Dobre Itinerario como primeira opción; 31 (23,3%) como segunda; 25 (18,8%) como terceira; 22 (16,5%) como cuarta; 18 (13,5%) como quinta; 3 (2,3%) como sexta; 1 (0,8%) como sétima; 1 (0,8%) como oitava e 1 (0,8%) como novena.

No primeiro prazo de chamamento para a matrícula, confirmaron a súa praza 19 estudantes, o que supón o 95% das prazas ofertadas. Do total de matriculados, o 95,45% (n= 21) son da CA de Galicia e o 4,54% (n= 2) doutras CC.AA. (INF.CIUG_2023-2024).

A nota de corte para o acceso ao Grao foi de 9,508. A nota media do alumnado matriculado procedente de Bacharelato ascendeu a 11,761. No caso de tres estudantes, a súa nota media de acceso situabase entre 13 e 14 puntos (INF.CIUG_2023-2024). O 100 % do alumnado accedeu cunha cualificación igual ou superior a 6,0 (IN07G).

O nivel de satisfacción xeral dos egresados coa titulación acadou unha puntuación de 3,41 sobre 5 (indicador IN42G), o que supón un descenso de 0,11 puntos respecto ao curso anterior.




O Dobre Itinerario ofrece tamén unha formación práctica de grande relevancia, que permite ao estudantado aplicar os coñecementos teóricos adquiridos ao longo da titulación, ao tempo que explora e orienta as súas preferencias en relación co futuro profesional. A este respecto, a porcentaxe de estudantes egresados no curso 2023/2024 que ao longo dos seus estudos realizaron prácticas en empresas e institucións foi do 75% (IN22G), o que supón un notable incremento respecto aos datos dos cursos precedentes.




**1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.**

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.

- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

En termos xerais, o **desenvolvemento do plan de estudos** axústase de forma satisfactoria ao recollido na memoria verificada. A planificación docente e a oferta de materias manteñen a coherencia co deseño inicial da titulación, agás as seguintes modificacións menores, debidamente aprobadas polos órganos correspondentes:

a) Por acordo da Comisión Permanente do 20 de febreiro de 2018, aprobouse unha modificación menor na oferta de materias optativas. En concreto, procedeuse á eliminación das materias G3161449 – Idioma Estranxeiro Técnico-Xurídico I (Lingua Italiana, 4,5 ECTS) e G3161453 – Idioma Estranxeiro Técnico-Xurídico II (Lingua Italiana, 4,5 ECTS), debido á ausencia sostida de alumnado matriculado. Como alternativa, incorporáronse dúas materias optativas de prácticas externas, unha por semestre, tamén de 4,5 ECTS cada unha.

b) Por acordo da Comisión Permanente do 10 de febreiro de 2021, autorizouse unha modificación menor consistente na redistribución temporal de dúas materias optativas:
– G3161445 – Historia do Pensamento Xurídico, que pasa do primeiro ao segundo semestre.
– G3161455 – Métodos de Solución de Conflitos e Técnicas de Negociación, que pasa do segundo ao primeiro semestre.

Estas modificacións non alteran os elementos estruturais da titulación e foron incorporadas conforme ao procedemento previsto para reformas menores.

No curso académico 2023/2024, foi aprobada pola Comisión de Docencia e Calidade o 9 de abril de 2024 e ratificada pola Xunta da Facultade de Dereito o 15 de abril de 2024, o Consello de Goberno da USC o 25 de xuño de 2024 e o Consello Social da USC o 26 de xuño de 2025 a memoria para a solicitude de verificación do título de Grao en Dereito, mediante o que se da cumprimiento a **AM-01 (curso 2023/2024).** Esta modificación estaba motivada por diversas razóns. Por unha banda, pola adaptación ao Real Decreto 822/2021. Por outra, pola necesidade de reformar a estrutura da titulación derivada de carencias previamente detectadas e reflectidas nos informes de seguimento e resultados do título. Finalmente, tamén pola necesidade de actualizar e reformar os contidos debido aos cambios e necesidades detectadas no contorno e no ámbito profesional. A continuación, recóllense os cambios realizados:

1. O título adxudícase ao ámbito de coñecemento “Dereito e especialidades xurídicas”.
2. A adaptación ao Real Decreto 822/2021 supuxo reformular a memoria para axustala ao novo modelo. Por este motivo, foi necesario deseñar os resultados de aprendizaxe do título (coñecementos, habilidades ou destrezas, competencias) e adscribilos ás materias. Do mesmo xeito, foi preciso reelaborar as fichas de cada materia e os apartados correspondentes ás actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación.
3. Revisouse de xeito íntegro a memoria do título, adaptándoa á normativa vixente (xustificación do título, obxectivos formativos, perfil de egreso, acceso e admisión, recoñecemento e transferencia de créditos, persoal, recursos, calendario e calidade).
4. Realizáronse os seguintes cambios na estrutura do plan de estudos:
    a) Modificacións nas denominacións dalgunhas materias.
    b) Supresión das materias de formación básica “Técnicas de expresión oral e escrita” e “Dereito Eclesiástico”.
    c) Incorporación á formación básica das materias “Habilidades básicas para xuristas” e “Organización xudicial e proceso”.

d) Cambios na ubicación das seguintes materias: “Dereitos reais” pasa de ofertarse en 1º curso (Plan 2010) a 4º curso (Plan 2024); “Organización xudicial e proceso” pasa de 3º curso (Plan 2010) a 1º curso (Plan 2024); “Procedementos tributarios” pasa de 3º curso (Plan 2010) a 4º curso (Plan 2024); “Dereito Administrativo III – Garantías do administrado” pasa de 4º curso (Plan 2010) a 3º curso (Plan 2024), cun novo nome: “Dereito Administrativo IV – Garantías do administrado”; “Filosofía do Dereito” pasa de 4º curso (Plan 2010) a 2º curso (Plan 2024).

e) Incremento do número de créditos nas seguintes materias: “Dereito Constitucional I: definición do Estado e sistema de fontes” (agora “Dereito Constitucional I: a Constitución e a definición do Estado”): +1,5 ECTS; “Dereito Constitucional I – Órganos do Estado Democrático” (agora “Dereito Constitucional II: órganos do Estado e sistema de fontes”): +1,5 ECTS; “Organización xudicial e proceso”: +1,5 ECTS; “Filosofía do Dereito”: +1,5 ECTS; “Dereito Administrativo I – Instrumentos da actividade administrativa” (agora “Dereito Administrativo II – Instrumentos da actividade administrativa”): +1,5 ECTS.

f) Redución do número de créditos nas seguintes materias: “Dereito Constitucional II – os dereitos e liberdades e a súa protección” (agora “Dereito Constitucional III – os dereitos e liberdades e a súa protección”): –1,5 ECTS; “Dereito Administrativo III – Garantías do administrado” (agora “Dereito Administrativo IV – Garantías do administrado”): –1,5 ECTS.

g) Incremento en 4,5 ECTS do número de créditos optativos a cursar polo alumnado. h) Ampliación da oferta de materias optativas, incorporando as seguintes: “Procedemento de solución de conflitos laborais”; “Dereito da Seguridade Social”; “Análise económica do Dereito”; “Dereito do medio ambiente e do territorio”.

h) Supresión das materias optativas “Criminoloxía” e “Dereito Constitucional e Unión Europea”.

O desenvolvemento **das actividades académicas, das metodoloxías docentes e dos sistemas de avaliación** axustouse ao previsto na memoria de verificación da titulación, na que se establecen tres modalidades de docencia presencial:

a) Docencia expositiva en grupo grande (ata 80 estudantes): Utilizada para actividades presenciais de carácter teórico ou expositivo que non requiren a participación activa do estudantado, como clases maxistrais, presentacións audiovisuais ou conferencias.

b) Docencia interactiva (20 estudantes): Dirixida a actividades que esixen ou favorecen a participación activa do estudantado: seminarios, discusión de casos prácticos, resolución de problemas, análise de textos ou datos, prácticas con ordenador, exposicións orais, etc.

c) Titorías en grupo reducido (10 estudantes): Reservadas para actividades presenciais de orientación, apoio e seguimento do traballo autónomo do estudantado, incluíndo a preparación de traballos, busca de fontes bibliográficas, revisión de prácticas ou resolución de dúbidas.

Debido ás limitacións derivadas da capacidade docente dispoñible, só foi posible implementar de forma sistemática as dúas primeiras modalidades previstas. docencia interactiva organízase en catro semanas por cuadrimestre, nas cales os grupos expositivos se subdividen en dous subgrupos, co fin de mellorar a participación activa do estudantado e a calidade do proceso de aprendizaxe.

**Incidencias detectadas e accións de mellora implantadas:**

A) Incidencias na distribución dos grupos
Observáronse desviacións na ratio ideal de estudantes por grupo motivadas, fundamentalmente, por o número de

estudantes repetidores nalgunhas materias, que xeran desequilibrios na planificación inicial dos grupos.

B) Co obxectivo de minimizar estas incidencias, adoptáronse as seguintes medidas:

- **Reorganización das semanas de docencia interactiva**, de xeito que os cursos de 1º e 3º, por unha banda, e os de 2º e 4º, por outra, compartan período, mellorando así a compatibilidade horaria. Esta medida foi incorporada como acción de mellora **(AM-01 curso 2021-2022)** e xa se atopa en estado de **finalizada**.

- **Nova acción de mellora para o curso 2023-2024 (AM-02):** como medida complementaria, no curso académico 2023-2024 propúxose unha nova acción de mellora consistente na **rotación dos horarios dos grupos expositivos de mañá e tarde en cada curso consecutivo**, co obxectivo de garantir que o estudantado curse dous anos en horario de mañá e dous anos en horario de tarde ao longo da titulación. Ademais, para evitar solapamentos nas actividades interactivas, establécese a coincidencia das semanas de docencia interactiva para os cursos 1º e 2º, por unha banda, e 3º e 4º, por outra.

  A distribución proposta foi a seguinte:

| Curso | Horario de mañá | Horario de tarde |
|---|---|---|
| **1º** | Grupo A | Grupos B e C |
| **2º** | Grupos B e C | Grupo A |
| **3º** | Grupo A | Grupos B e C |
| **4º** | Grupos B e C | Grupo A |

En relación ao **tamaño dos grupos**, os datos dos últimos cinco cursos académicos amosan que a media de estudantes matriculados en materias de Formación Básica (FB) e Obrigatoria (OB) por grupo de docencia expositiva mantívose dentro dos parámetros establecidos na Memoria de Verificación, situándose no curso 2023/2024 en 75,83 estudantes por grupo e, no caso das materias optativas, en 27,33. Polo contrario, os parámetros que constan na memoria son superados no caso dos grupos interactivos (37,08 fronte ao ideal de 20) (IN32C).

O Manual de Procesos da Facultade de Dereito incorpora o ***Procedemento de revisión das guías docentes***, co obxectivo de comprobar que estas se axustan ao establecido na memoria verificada da titulación. Toda a documentación relativa ao sistema de garantía de calidade, incluído este procedemento, está dispoñible na seguinte ligazón: https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-dereito/calidade/documentacion-sgc.

**Participación do alumnado en programas de mobilidade**

- Os egresados do Grao en Dereito que participaron en programas de mobilidade foi do 40,68% (IN54G). Dos 57 estudantes que participaron en programas de mobilidade ao longo do curso 2023/2024, o 31,58% (n= 18) fixérono a través do programa SICUE, o 63,16% (n= 36) mediante o programa Erasmus -sendo os principais destinos Polonia (30,55%) e Italia 25%)- e o 5,26% (n= 3) en programas de convenio con outras universidades (INF03). Os datos mantéñense en similares niveis que no curso 2022/2023, no que o número de estudantes que participaron en programas de mobilidade foi de 61.

- Polo que respecta ao Dobre Itinerario, a porcentaxe de egresados que participaron en programas de mobilidade foi do 50% (IN54G). No curso 2023/2024 so 1 estudante participou nos programas de movilidades, en concreto, no programa SICUE (INF03).

**1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións**

| de mellora oportunas. |
|---|
| Aspectos a valorar:<br>• A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.<br>• No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.<br>• No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.<br>• No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada. |

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

## Coordinación horizontal e vertical

O **SGIC** do centro recolle no proceso de Desenvolvemento das ensinanzas os sistemas de coordinación da actividade docente.

**Consello de Departamento:** designar ás persoas responsables da coordinación das materias con máis dun/unha docente asignado/a. No caso de materias adscritas a máis dun Departamento, o/a coordinador/a deberá ser único/a, por acordo común entre os Departamentos implicados ou ben por proposta do Centro.
**Coordinador/a de Materia:** coordinar a materia entre os/as diferentes docentes, garantindo a homoxeneidade no contido, sistema de avaliación e actividades. Verificar o grao de cumprimento da programación docente na materia e informar ao/á coordinador/a de curso dos resultados obtidos.
**Coordinador/a do Curso de Grao (por semestres):** elaborar a programación de actividades de coordinación para o curso. Controlar as incidencias que poidan xurdir entre as materias do semestre de cada curso, tentando ponderar o número de horas de traballo autónomo que debe desenvolver o alumnado para evitar acumulacións de tarefas nas mesmas semanas. Recoller as queixas ou peticións dos/das representantes do alumnado, facendo de enlace co/a coordinador/a do Grao. Coordinar a actividade docente no curso entre os/as diferentes docentes, realizando un seguimento da implantación da programación das materias do curso e informando do desenvolvemento do proceso ao/á Vicedecano/a de Organización Académica.
**Decano/a:** nomear ao/á Coordinador/a de Curso por proposta da Comisión de Docencia e Calidade.
**Comisión de Docencia e Calidade:** supervisar que a programación impartida se corresponde co definido no plan de estudos vixente e comprobar que non existen baleiros nin duplicidades. Propor o/a coordinador/a de curso. Analizar e informar dos resultados do proceso de coordinación, propoñer accións de mellora e establecer accións correctoras no caso de detectarse desviacións.

**Desensolvemento**
O Consello de Departamento identifica todas as materias con máis dun/unha docente e designa un/unha Coordinador/a da Materia que garanta a homoxeneidade na programación e a coordinación na súa impartición. No caso de materias adscritas a máis dun Departamento, o/a coordinador/a deberá ser único/a, por acordo común entre os Departamentos implicados ou ben por proposta do Centro.

É responsabilidade do/a Coordinador/a da Materia homoxeneizar a programación da materia entre os/as diferentes docentes, garantindo a homoxeneidade no contido, no sistema de avaliación e nas actividades programadas.

No relativo á sistemática de avaliación, o/a Coordinador/a da Materia, xunto cos/as diferentes docentes, revisa a sistemática de avaliación vixente, nos seus distintos niveis, tomando como referencia o establecido no programa/guía docente.

Unha vez iniciada a docencia, o/a Coordinador/a da Materia verifica o grao de cumprimento da programación docente en todas as súas dimensións e informa ao/á Coordinador/a de Curso das posibles desviacións detectadas.

O/a Decano/a nomea cada curso académico, por quenda rotatoria entre os/as Coordinadores/as das Materias, un/unha Coordinador/a de Curso, responsable de garantir que o programa e os demais apartados da programación de cada materia se adaptan ao plan de estudos vixente, así como a necesaria coordinación de programas e sistemas de avaliación dentro dun mesmo curso e titulación.

É responsabilidade do/a Coordinador/a de Curso elaborar a programación de actividades dirixidas a coordinar os distintos aspectos da impartición da docencia entre o profesorado dun mesmo curso. As actividades de coordinación deben alcanzar, cando menos, os seguintes aspectos:

- Realizar un seguimento da implantación da programación das materias do curso.
- Garantir a coordinación e, de ser o caso, a interacción entre as actividades e/ou traballos a realizar polo alumnado encomendados por distintos/as docentes.
- Controlar as incidencias que poidan xurdir entre as materias do semestre de cada curso.
- Recoller as queixas ou peticións dos/das representantes do alumnado, facendo de enlace co/a Coordinador/a do Grao.
- Cando os/as Coordinadores/as das Materias informen ao/á Coordinador/a de Curso de dificultades no desenvolvemento da programación ou na coordinación (contido, metodoloxía e/ou avaliación), establécense accións para corrixir as desviacións detectadas.

No exercicio das súas funcións, o/a coordinador/a de curso convoca unha reunión inicial e outra final por semestre co profesorado responsable da docencia expositiva e interactiva. De ambas reunións levanta a acta correspondente, que remite ao/á Vicedecano/a de Organización Docente.

A información sobre as súas funcións e o correspondente nomeamento publícase no Campus Virtual ("Coordinación Grao en Dereito") e comunícase por correo electrónico, de forma específica, ao profesorado e aos/ás delegados/as de curso. Así mesmo, o nomeamento dos/as Coordinadores/as de Curso anúnciase nos taboleiros das aulas correspondentes.

O/a Coordinador/a de Curso informa ao/á Vicedecano/a de Organización Docente do grao de cumprimento da planificación, das posibles desviacións detectadas e das accións establecidas, organizándose, para tal fin, unha reunión de coordinación xeral por semestre. O/a Vicedecano/a de Organización Académica informa á Comisión de Docencia e Calidade da Facultade e ao/á Responsable de Calidade do concluído na dita reunión, correspondendo a estes dous órganos o seguimento da implantación e eficacia das medidas de corrección establecidas.

**Coordinadores curso**
No curso académico 2023/2024 a Comisión de Docencia y Calidade, na súa reunión do 29 de setembro, nomeou os seguintes coordinadores de curso:

1º semestre:
- Primeiro curso: Francisco Jesús Ferreiro Seoane
- Segundo curso: Iván Arias Balsal
- Terceiro curso: María Begoña Villaverde Gomez
- Cuarto curso: María de los Ángeles Catalina Benavente

2º semestre:
- Primeiro curso: Margarita Cristina Herrero Oviedo
- Segundo curso: Beltrán Puentes Cociña
- Terceiro curso: María Inmaculada Valeije Álvarez
- Cuarto curso: Joaquín Rodríguez-Toubes Muñiz

Da lectura das actas extráense as seguintes conclusións:

1º. No primeiro curso, o profesorado asistente ás reunións manifesta que esta promoción presenta un mellor rendemento en comparación con anos anteriores. Con todo, expresan a súa preocupación pola escasa asistencia ás clases por parte do alumnado, o que, segundo indican, garda unha clara correlación coas cualificacións obtidas. En cumprimento da acción de mellora **(AM-2 Curso 2021-2022)**, o profesorado manifesta de forma xeral que non se ten detectado ningunha queixa entre o alumnado pola carga de traballo nas semanas de interactivas, sen que a mesma resulte excesiva.

2º. No segundo curso, o profesorado sinala a necesidade de revisar o calendario de docencia interactiva. En particular, respecto á primeira das semanas interactivas, apúntase a falta de material suficiente para desenvolver a docencia con uns mínimos de calidade. Explícase a dificultade de encaixar esa semana no calendario e a importancia de coordinala cos demais cursos do grao. Así mesmo, sublíñase a necesidade de establecer unha mellor rotación nas datas de exames, co fin de repartir a carga de traballo na realización das avaliacións e na cualificación.

3º. No terceiro curso, o profesorado valora positivamente o equilibrio dos grupos, aínda que detecta que o alumnado cambia de grupo nas sesións interactivas sen previo aviso, o que xera desaxustes na organización. Por iso, solicítase lembrar ao estudantado a obriga de asistir ao grupo que lle foi asignado. Do mesmo xeito que no primeiro curso, manifléstase preocupación pola elevada taxa de absentismo nas clases expositivas. En cumprimento da medida de mellora **(AM-2 curso 2021-2022)**, como xa sinalamos, o profesorado pon en común as actividades previstas para as aulas interactivas, facendo fincapé na necesidade de comunicar ao resto do equipo docente aquelas actividades que poidan prolongarse máis aló do horario asignado. O obxectivo é anticipar as posibles afectacións na programación doutras materias e adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas de coordinación.

4º. No cuarto curso, o profesorado manifesta a súa satisfacción co rendemento do alumnado e coa boa coordinación existente entre os diferentes docentes, que permitiu organizar visitas a institucións no marco das materias correspondentes. Finalmente, a coordinación destaca o incremento no número de enquisas de satisfacción cubertas polo alumnado, grazas á colaboración do profesorado na implementación da acción de mellora proposta desde o Decanato para fomentar a súa participación.

**Delegado/a de curso**

Nos últimos cursos estableceuse a obriga de que cada grupo de cada curso conte cun/unha delegado/a. Esta medida revelouse como un mecanismo clave de coordinación, altamente valorado por todas as partes implicadas. Deste xeito, institucionalizouse o procedemento polo cal, ao longo do mes de setembro, cada grupo de cada curso debe designar unha persoa representante e comunicar o seu nome á Secretaría do Decanato. Os nomes dos/as delegados/as comunícanse ao PDI a través da aula de Coordinación do Grao en Dereito no Campus Virtual, sendo os representantes oficiais e interlocutores únicos en nome do grupo. Así mesmo, en cada semestre, o/a Decano/a e o/a Vicedecano/a manteñen unha reunión cos/as delegados/as de curso para avaliar o desenvolvemento do semestre e tratar as posibles incidencias que puideran ter xurdido.

No periodo 2023/2204 foron delegados/as os/as estudantes que seguidamente se referencian:

| | |
|---|---|
| **1º Curso** | Grupo A: Pablo Cristín Álvarez |
| | Grupo B: Juan Marquina Fernández |
| | Grupo C: Andreea Patricia Socol |
| **2º Curso** | Grupo A: Rafael de Almeida de Oliveira |
| | Grupo B: Pablo García Fernández |
| | Grupo C: Diana Tuñas Pereira |
| **3º Curso** | Grupo A: Manel Agra Sambade |

| | |
|---|---|
| | Grupo B: Patricia Martínez Alonso |
| | Grupo C: Mario Pazos Alvite |
| **4º Curso** | Grupo A: Mónica Castro Pérez |
| | Grupo B: Sandra Iglesias Espadas |
| | Grupo C: Andrea Vázquez Baqueiro |

**Comité Consultivo da Facultade de Dereito**

O Comité Consultivo da Facultade de Dereito constitúe un órgano colexiado de carácter asesor, cuxa finalidade principal é emitir informes, propostas e recomendacións en relación con cuestións de relevancia estratéxica, académica e institucional que afecten ao funcionamento e proxección da Facultade. No exercicio das súas funcións, o Comité contribúe de maneira activa á mellora continua da calidade académica, á adecuación da oferta formativa e á definición das liñas de actuación prioritarias do centro.

Está integrado por:

- **Ana María Gude Fernández (presidenta)**. Decana da Facultade de Dereito
- **Natalia Pérez Rivas (secretaria)**. Secretaria académica da Facultade de Dereito e Responsable de Calidade do Centro
- **Santiago Brage Cendán**. Coordinador do Grao en Criminoloxía
- **Lotario Vilaboy Lois.** Coordinador do Máster Universitario da Avogacía e da Procuradoría
- **Miguel Enrique Arenas Meza**. Coordinador do Máster en Estudos Internacionais
- **Cesar García Novoa**. Coordinador do Máster Universitario en Dereito Transacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitales
- **María Dolores Rivera Frade.** Presidenta da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia
- **Xosé Antón Sarmiento Méndez.** Letrado Oficial Maior do Parlamento de Galicia
- **José María Graíño Ordóñez**. Notario
- **Beatriz González Moreno**. Coordinadora Xeral do Valedor do Pobo
- **Francisco José Rabuñal Mosquera.** Decano do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela
- **José Ángel Vázquez Yáñez**. Director do Centro Penitenciario Teixeiro de A Coruña
- **Juan Cástor Vázquez Salgado**. Comisario Nacional de Policía
- **Jesús Aneiros Rodríguez**. Comandante da Garda Civil

En cumprimento do previsto no procedemento de revisión e reforma do plan de estudos do grao, e co obxectivo de garantir unha ampla participación dos distintos axentes implicados, o día 8 de abril de 2024 celebrouse unha sesión do Comité Consultivo. Nesta reunión abordáronse os principais eixos de reforma curricular, valoráronse as propostas recibidas nos procesos previos de consulta e debate, e recolléronse achegas orientadas a mellorar a estrutura, contidos e orientación do novo plan de estudos.

Do tratado na devantida reunión deuse conta á Comisión de Docencia e Calidade na súa reunión de 9 de abril de 2024 constando na corresponde acta o seguinte: *"O 8 de abril de 2024 celebrouse unha reunión cos membros do Comité Consultivo da Facultade de Dereito. Os seus membros manifestaron que o feito de que a duración do Grao en Dereito sexa de 4 anos condiciona notablemente a configuración do plan de estudos. En atención a elo, algún profesionais sinalaron que as materias a impartir deberían circunscribirse ao dereito positivo, reducindo o número de créditos do resto de materias ou configuralas como asignaturas optativas. Valoraron positivamente a ubicación da materia "Organización xudicial e proceso" no primeiro curso e da materia "Dereitos Reais" en cuarto curso. Indicaron, tamén, a especial atención que debería prestarse ao dereito dixital e ao dereito propio de Galicia. En liñas xerais, remarcaron o acerto da reforma do plan de estudos".*

**Prácticas externas curriculares e extracurriculares**

1. **Prácticas externas curriculares**

As prácticas académicas externas son actividades formativas supervisadas por un coordinador externo á titulación e por un coordinador académico (Vicedecano/a de Organización Académica) que o alumnado pode realizar co obxectivo de aplicar e complementar os coñecementos adquiridos na súa formación académica, para favorecer a adquisición de competencias que preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento. As prácticas externas poderán realizarse na propia Universidade de Santiago de Compostela ou en entidades colaboradoras públicas ou privadas. O listado de entidades públicas ou privadas nas que o estudantado pode realizar prácticas externas curriculares é o seguinte:

- Rexistros de Galicia
- Notarías de Galicia
- Unión de Consumidores de Galicia
- Parlamento de Galicia
- Colexio de Avogados de Santiago de Compostela
- Valedor do Pobo
- Deputación de Pontevedra
- Consello Consultivo de Galicia
- Asesoría Xurídica da USC
- Aluminios Cortizo
- Despacho Garrigues Abogados

A información sobre a convocatoria de prácticas externas curriculares está dispoñible en: https://www.usc.gal/es/centro/facultad-derecho/practicas

Ao alumnado que as complete satisfactoriamente recoñeceránselle créditos de natureza optativa (Prácticas Externas I, 4.5 ects y Prácticas Externas II, 4.5 ects). No curso académico 2023/2024, matriculáronse na materia optativa Prácticas Externas I, do primeiro semestre, 38 estudantes; e na materia Prácticas Externas II, do segundo semestre, 26 estudantes.

2. **Prácticas externas extracurriculares**

*2.1. Consello Social*

Ademais, tamén se ofertan prácticas externas extracurriculares, tanto no ámbito do Consello Social da USC como da propia Facultade de Dereito, sendo a coordinadora a Secretaria da Facultade. Estas prácticas realízanse de forma voluntaria durante o período de formación e non forman parte do plan de estudos. Con todo, serán incluídas no expediente académico e no Suplemento Europeo ao Título sempre que se completen antes da finalización dos estudos.

En concreto, no curso 2023/2024, 4 estudantes do Grao en Dereito matriculáronse en prácticas extracurriculares, que realizaron nas seguintes institucións ou empresas: PIN y Del Pino Abogados y Asesores Tributarios SLP, Go People and Talent (consultora), Ana María Varela Meizoso Avogada, Unións Agrarias-UPA.

No marco destas prácticas, o estudante do dobre itinerario Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos, Kevin Oliveira Quiroga, foi galardoao como o estudante mellor valorado nas prácticas xestionadas polo Consello Social.

*2.2. Prácticas servizos centrais do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación e nas Embaixadas, Consulados e Representacións Permanentes de España no Exterior.*

O Ministerio ofrece a estudantes de grao e posgrao a oportunidade de realizar prácticas formativas non remuneradas nos seus servizos centrais, así como en Embaixadas, Consulados e Representacións Permanentes de España no exterior. Estas prácticas permiten aos mozos coñecer de primeira man o labor diplomático e adquirir experiencia en asuntos internacionais. As mesmas poden optar aqueles estudantes que estean matriculados en unidades que teñan subscrito un Convenio de Colaboración de Prácticas Formativas co MAUC, como ocorre no caso da Universidade de Santiago de Compostela.

No curso académico 2023/2024 unha estudante do Grao en Dereito realizou estas prácticas no Consulado Xeral de España en Oporto (Portugal).

### 3. Porcentaxe de participación dos egresados que realizan prácticas en empresas e institucións

A porcentaxe de estudantes egresados do Grao en Dereito no curso 2023/2024 que ao longo dos seus estudos realizaron prácticas en empresas e institucións foi do 46,15% (IN22G).




No caso do Dobre Itinerario, a porcentaxe de estudantes egresados no curso 2023/2024 que ao longo dos seus estudos realizaron prácticas en empresas e institucións foi do 75% (IN22G), o que supón un notable incremento con respecto aos datos dos cursos precedentes).




### 4. Satisfacción do estudantado cos programas de prácticas externas

O nivel de satisfacción do estudantado do Grao en Dereito cos programas de prácticas externas é moi elevado, cunha puntuación

media de 4,24 sobre 5 (INF06 / IN19G), que incrementa en 0.38 puntos a valoración alcanzada do curso 2022/2023.

**Satisfacción do estudandato do Grao en Dereito cos programas de prácticas externas**




No caso do estudantado do Dobre Itinerario, o seu nivel de satisfacción foi de 4.04 sobre 5 no curso 2023/2024, o que representa unha disminución en 0,55 puntos ao curso 2022/2023 (INF06).

**Satisfacción do estudandato do Dobre Itinerario cos programas de prácticas externas**




**1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.**

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**Grao en Dereito**

O perfil de ingreso do alumnado do Grao en Dereito axústase ao establecido na memoria da titulación, tal e como evidencian os principais indicadores de acceso, admisión e matriculación. Segundo os datos correspondentes á matrícula de acceso no curso 2023/2024 (INF.CIUG_2023-2024), o 99 % do alumnado procede do Bacharelato e o 1 % da Formación Profesional.

Ademais, apréciase un perfil claramente vocacional, reflectido na elevada porcentaxe de estudantes matriculados por primeira vez que tiñan o Grao en Dereito como primeira opción na preinscrición (97,65 %, IN10C). Cómpre destacar, así mesmo, a boa preparación académica do alumnado de novo ingreso: nos últimos seis cursos académicos (desde 2017/2018), o 100 % accedeu á titulación cunha cualificación igual ou superior a seis (IN07G). Deles, o 23,33% (n= 42) tiñan unha media de acceso superior a 12 puntos.

No curso 2023/2024, a nota media de acceso por preinscrición alcanzou os 11,01 puntos (IN06C), o que supón un incremento

de 0,23 respecto ao curso anterior (2022/2023), situándose como a terceira máis alta dos últimos seis anos. Pola súa banda, a nota de corte situouse en 9,093 puntos (INF.CIUG_2023-2024).




**Dobre Itinerario en Dereito e en Recursos Humanos e Relacións Laborais**

Polo que respecto ao perfil de ingreso do alumnado do Dobre Itinerario, o 100% dos estudantes proceden de Bacherelato (INF.CIUG_2023-2024). Debemos tamén aquí destacar a boa preparación académica do alumnado de novo ingreso: nos últimos seis cursos académicos (desde 2017/2018), o 100 % accedeu á titulación cunha cualificación igual ou superior a seis (IN07G). Deles, o 40,90% (n= 9) tiñan unha nota media de acceso superior a 12 puntos.

No curso 2023/2024, a nota media de acceso por preinscrición alcanzou os 11,761 puntos (IN06G). Pola súa banda, a nota de corte situouse en 9,508 puntos (INF.CIUG_2023-2024).




**1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.**

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A aplicación das distintas normativas axústase ao recollido na Memoria verificada. Neste sentido, cómpre lembrar que a USC dispón de normativas que regulan aspectos fundamentais como a permanencia do estudantado, o sistema de transferencia e recoñecemento de créditos, entre outros.

Así mesmo, a USC conta cun conxunto de normativas de xestión académica que regulan os aspectos máis relevantes do proceso formativo. Algunhas destas normativas teñen carácter xeral e son de aplicación en toda a Universidade, mentres que outras establecen marcos reguladores que poden ser adaptados aos distintos Centros ou títulos. As principais normativas, que se relacionan a continuación, poden consultarse nas seguintes ligazóns web:

- Estatutos USC: http://hdl.handle.net/10347/31315
- Repositorio documental da normativa referida ao Estudantado: https://www.usc.gal/es/institucional/goberno/area/normativa/alumnado
- Repositorio documental sobre normativa referida aos estudos de Doutoramento, Títulos Propios e Programa Universitario de Maiores, Estudos de Cuarto Ciclo: https://www.usc.gal/es/institucional/goberno/area/normativa/estudos-doutoramento-propios-cuarto-ciclo

Existe tamén, como normativa propia do centro:

- Regulamento de réxime interno da Facultade de Dereito: https://minerva.usc.gal/rest/api/core/bitstreams/fda5fdd7-51e3-42b8-972e-be9f5bba5d72/content
- Normativa de exención de docencia: https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/q2ewE1t2wR4rHGzi6MrzvmfbCHTBtkN_R2pVGucKk38/1607584693/public/documents/2020-10/normativa-de-exencion-de-docencia_0.pdf

| |
|---|
| **DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO** |
| **CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:** |
| **Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.**<br>Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese). |
| **2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.** |
| Aspectos a valorar:<br>• Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.<br>• A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.<br>• Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese. |
| **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**<br><br>O SGC recolle no seu Manual de Procesos o proceso PS-06 Información pública (https://acortar.link/4m21Wg), no que se establece a sistemática para facer pública a información relevante das titulacións impartidas no centro, así como o procedemento de revisión e actualización periódica desta información co fin de manter informados os distintos grupos de interese do centro.<br><br>En atención ao establecido no proceso PS-06, a Facultade de Dereito ofrece, a través da súa páxina web institucional (https://www.usc.es/gl/centro/facultade-dereito), de acceso público, información necesaria e relevante sobre todas as titulacións que imparte, tanto para facilitar a elección destes estudos como para o seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe. Nas seccións "Estudos" e "Información académica" recóllese información detallada sobre os plans de estudos, programas das materias, calendarios, horarios, plan de acción titorial, programas de prácticas, mobilidade, traballos de fin de grao e de fin de máster.<br><br>Esta páxina foi completamente renovada durante o curso académico 2020-2021, dando lugar a unha nova estrutura que inclúe unha web pública (de acceso universal) e unha intranet (de acceso exclusivo para os membros da comunidade universitaria). A través desta intranet habilitouse tamén un buzón de "Suxestións, queixas e parabéns", co obxectivo de que os diferentes grupos de interese poidan achegar propostas de mellora. A nova web foi lanzada o 4 de maio de 2021, supoñendo unha mellora substancial en termos de información, transparencia e accesibilidade, ao facilitar unha navegación máis intuitiva por parte dos distintos grupos de interese. Para dar a coñecer os seus contidos e familiarizar aos usuarios co seu funcionamento, organizáronse xornadas específicas dirixidas tanto ao estudantado como ao PDI e ao PAS, que tiveron lugar nos meses de decembro de 2022 e marzo de 2023.<br><br>Desde ese momento, leváronse a cabo diversas modificacións orientadas a optimizar a organización da información e a facilitar o seu acceso en aplicación da **AM-03 Curso 2023-2024.** En calquera caso, a mellora continua da páxina web da Facultade debe constituír un obxectivo estratéxico prioritario, que cómpre incorporar ao novo Plan Estratéxico da Facultade. Esta prioridade xustifícase pola necesidade de dispoñer dunha ferramenta de comunicación eficaz, accesible e permanentemente actualizada, que permita satisfacer as necesidades informativas tanto da comunidade universitaria como do público externo. Nun contexto crecente de dixitalización, unha páxina web ben estruturada e intuitiva facilita o acceso á información académica, administrativa e institucional, reforza a transparencia e mellora a interacción cos distintos grupos de interese. Ademais, unha web optimizada contribúe a proxectar unha imaxe profesional e moderna da Facultade, reforzando o seu posicionamento nos ámbitos académico, social e internacional. Este obxectivo tamén favorece a difusión das actividades e iniciativas do centro, promovendo unha maior conexión co tecido social e profesional. |

As actas dos órganos colexiados da Facultade publícanse na intranet do centro, ao considerarse de interese para os membros da comunidade universitaria da Facultade.

- Actas Xunta de Facultade: https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-dereito/SitePages/Goberno-e-Xesti%C3%B3n-Xunta-de-Facultade.aspx
- Actas Comisión Permanente Xunta de Facultade: https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-dereito/SitePages/Goberno-e-Xesti%C3%B3n-Comisi%C3%B3n-Permanente.aspx
- Actas Comisión de Docencia e Calidade: https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-dereito/SitePages/Comisi%C3%B3ns-Comisi%C3%B3n-de-Docencia-e-Calidade.aspx
- Actas Comisión de AA.EE e Infraestructuras: https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-dereito/SitePages/Comisi%C3%B3ns-Comisi%C3%B3n-de-Asuntos-econ%C3%B3micos,-infraestruturas-e-biblioteca.aspx
- Actas Comisión de Igualdade: https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-dereito/SitePages/Comisi%C3%B3ns-Comisi%C3%B3n-de-Igualdade.aspx

Na intranet da páxina web de Dereito habilitouse unha caixa de "Suxerencias, queixas e parabéns": https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-dereito, como un dos cauces específicos para que os distintos grupos de interés poidesen aportar as súas suxerencias de mellora, as súas queixas ou, no seu casos, os parabéns por accións acometidas.

A Facultade de Dereito conta, tamén, con perfís oficiais en Facebook (https://www.facebook.com/FacultadeDereitoUSC), X (https://twitter.com/Dereito_USC) e Instagram (https://www.instagram.com/dereito_usc/). Trátase de canles para conectar con toda a comunidade do centro, nas que se difunde contido de interese para o estudantado, as persoas egresadas, o PDI e o PTXAS. Constitúe un espazo informativo de especial relevancia para o alumnado de novo ingreso, que pode acceder a información relacionada co acto de benvida, a vida no centro (eventos, actos, seminarios), recordatorios de prazos ou convocatorias, así como experiencias do propio alumnado e de persoas egresadas.

Outro dos mecanismos que se revelou útil para as comunicacións ao estudantado e ao profesorado en xeral é o de Anuncios da Coordinación do Grao en Dereito do Campus Virtual, (https://cv.usc.es/course/view.php?id=39950), tendo en conta que de cada anuncio se informa a través dun correo electrónico a todo o PDI e estudantado da Facultade.

Seguindo a recomendación formulada no Informe final de avaliación para a renovación da acreditación implementouse como acción de mellora **(AM-04 Curso 2023-2024)** a publicación na sección "Horarios" (https://www.usc.gal/es/centro/facultad-derecho/horarios), os horarios do Grao en Dereito nun arquivo único en formato PDF, co obxectivo de facilitar o acceso á información e optimizar a súa utilidade práctica.

| DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO |
|---|
| CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:<br>**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.**<br>Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título. |
| **3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.** |
| Aspectos a valorar:<br>• Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.<br>• No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.<br>• Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.<br>• O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido. |
| **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**<br><br>Dacordo co Sistema de Garantía de Calidade marco establecido pola USC, a Facultade de Dereito dispón dun Sistema de Garantía de Calidade (SGC) cuxo deseño e desenvolvemento iniciais foron avaliados positivamente conforme ás directrices do Programa Fides-Audit no ano 2013, tal e como consta no Informe Final de Avaliación e na correspondente Certificación emitida pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG). O Sistema Marco do SGC da Universidade foi evolucionando e adaptándose ás novas realidades, e, de xeito paralelo, tamén o fixo o SGC da Facultade de Dereito, que foi contextualizado e axustado ás particularidades propias do Centro (véxanse as Memorias de Calidade e as Actas da Comisión de Docencia e Calidade). Na actualidade, están vixentes o Manual do SGC (quinta edición) e o Manual de Procesos da Facultade de Dereito, documentos que foron aprobados no ano 2021 (o 6 de outubro) pola Comisión de Calidade e Planificación, delegada do Consello de Goberno da USC. Ambos documentos están dispoñibles na páxina web da Facultade: http://www.usc.gal/gl/centro/facultade-dereito/calidade/documentación-sgc, tras seren aprobados previamente pola Comisión Permanente da Facultade de Dereito, delegada da Xunta da Facultade, en sesión celebrada o 4 de outubro de 2021.<br><br>Anualmente, elabórase e apróbase a Memoria de Calidade do Centro, na que se recolle información relativa ao seguimento do SGC, aos informes de seguimento/renovación da acreditación das titulacións adscritas á Facultade, así como ás accións de mellora asumidas a nivel de centro (tamén dispoñibles na ligazón indicada).<br><br>Cómpre salientar que no curso 2017/2018 aprobouse o primeiro Plan Estratéxico da Facultade de Dereito (2017-2020). A posta en marcha do proceso da súa elaboración foi iniciada polo Grupo de Traballo para a Elaboración do Plan Estratéxico, na xuntanza celebrada o 19 de xaneiro de 2017, tras o acordo da Comisión de Docencia e Calidade do Centro. As liñas estratéxicas definidas e os obxectivos que as desenvolven están aliñados co Plan Estratéxico da USC 2011-2020. O Plan Estratéxico da Facultade (2017-2020) rematou a súa vixencia o 31 de decembro de 2020, polo que se procedeu, con data de 26 de xaneiro de 2021, á súa prórroga e renovación, tomando como referencia a Programación Plurianual da USC (2019-2022). Dita prórroga e renovación do Plan Estratéxico foi aprobada pola Comisión de Calidade e Planificación, delegada do Consello de Goberno da USC, na sesión do 3 de marzo de 2021. A renovación presentada consistiu na eliminación de obxectivos e/ou liñas que, ou ben xa estaban acadadas, ou ben non se consideraban axeitadas no momento actual, así como na inclusión doutras novas, de acordo coas directrices da programación plurianual da USC ou adaptadas á conxuntura actual (dispoñible en: https://assets.usc.gal/sites/default/files/documents/2021-04/prorroga-y-renovacion-plan-estratexico_0.pdf) |

Finalizada a vixencia da prórroga descrita, é necesario aprobar un novo plan estratéxico para a Facultade de Dereito que, a falta dun Plan estratéxico da Universidade, seguirá a senda establecida na Programación plurianual da USC 2023-2026 (dispoñible en: https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/sxeco/orc/programacion). Previsto elo como acción de mellora **(AM-02 Curso 2022-2023)**, o inicio da súa execución diferiuse ao curso 2023/2024 ante o anuncio de que o Goberno da USC tiña pensado procederse a elaboración do Plan Estratéxico da USC. Así, na acta da Comisión de Docencia e Calidade de 16 de febreiro de 2024 adoptouse o acordo da posta en marcha dos traballos para a elaboración do Plan Estratéxico da Facultade de Dereito constando na mesma o seguinte: *"A Sra. Decana indica que non se teñen iniciado ata o momento os traballos para a elaboración do Plan Estratéxico da Facultade de Dereito a espera de que a propia USC presentase o seu. Nun determinado momento, sendo así informado o Colexio de Decanos, dende o equipo reitoral comunícase que non se vai a proceder a aprobar un Plan Estratéxico da USC polo que cada centro terá que ir elaborando o seu da forma en que decida. No caso da Facultade de Dereito é unha cuestión que nos urxe xa que o vindeiro mes de abril terá lugar a renovación da acreditación do Grao en Criminoloxía e o feito de contar un Plan Estratéxico de centro é algo que se valora positivamente. A primeira medida a este respecto será que a Comisión de Docencia e Calidade nomee a un grupo de traballo que se encargue da súa elaboración".* Adoptado este acordo, o Goberno da USC iniciou o proceso de elaboración do Plan Estratéxico 2024-2026 o cal foi aprobado en xuño de 2024. A partir dese momento iniciaronse os traballos para a súa elaboración. De acordo co proceso PE-01 Planificación Estratéxica do Manual de Procesos do SGC da Facultade de Dereito, o equipo decanal da Facultade é o responsable de nomear a comisión ou grupo responsable para a elaboración do PE. A comisión nomeada foi a Comisión de Docencia e Calidade do Centro na súa totalidade, co fin de distribuír a responsabilidade e a carga de traballo entre todos os seus membros.

En todo caso, os procedementos establecidos permitiron recoller a información de maneira continuada, a análise dos seus resultados e a súa utilización para a mellora da calidade do título de Grao en Dereito. Os procedementos de avaliación e mellora da calidade do ensino e o profesorado, desenvolvéronse de acordo ao establecido, debendo destacarse o impacto positivo que está a ter na calidade do ensino o sistema de coordinación recollido en epígrafes anteriores. As actas das reunións periódicas que realiza a Comisión de Docencia e Calidade do Centro poñen de manifestó o papel de liderado que xoga no proceso de mellora continua.

Unha das debilidades do SGC é a súa capacidade para xerar indicadores fiables que permitan a a avaliación, tendo en conta que as taxas de participación nas enquisas son baixas. A tal efecto, fóronse artellando acción de mellora tendentes a incrementar o grado de participación dos estudantes do Grao en Dereito que, ao menos no curso académico 2023/2024, están a resultar efectivas. Así, a participación do alumnado na enquisa de satisfacción coa docencia recibida (INF13) pasou dun 24.57% no curso 2022/2023 a un 50.42% no 2023/2024 (un incremento do 51,27%); na enquisa de satisfacción coa titulación, a participación subiu do 5.07% no curso 2022/2023 ao 6.44% no curso 2023/2024 (INF22); sen que contemos con datos relativos á participación na enquisa de satisfacción cos programas de prácticas externas. No caso do PDI, a porcentaxe de participación na enquisa de satisfacción coa docencia impartida consolidou a liña ascendente dos dous últimos cursos académicos, alcanzando o 45,10 % no curso 2023/2024 (fronte ao 43,75 % en 2021/2022 e ao 44 % en 2022/2023) (INF14). Pola súa banda, a participación na enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación tamén experimentou unha mellora, pasando do 30 % no curso 2022/2023 ao 36,89 % no 2023/2024, e reforzando así a progresión positiva iniciada no curso 2021/2022, no que se rexistrara un 22,92 % de participación (INF23). Elo reflexa a efectividade (relativa) que están a ter as diversas accións de mellora que se teñen introducido neste eido **(AM-05 Curso 2023-2024; AM-03 Curso 2022-2023).**

É necesario continuar nesta senda ata que poidamos alcanzar un niveis de participación que nos permitan conseguir resultados de avaliación que sexan realmente significativos. En concreto, no eventual Plan Estratéxico a cuxa aprobación se proceda deberá incluírse unha liña estratéxica que incida no asentamento da cultura de calidad do centro e, como obxectivo estratéxico, lograr unha maior implicación do PDI, do PTXAS e do estudantado no sistema de garantía de calidade mediante accións informativas que incidan na transcendencia da súa participación. Tamén se deberá plantexar a reserva dun tempo durante as aulas para que o estudantado cubra as enquisas de satisfacción coa docencia recibida

en colaboración co profesorado, os/as coordinadores de curso e os/as delegados/as.

As **suxestións e reclamacións** foron xestionadas de acordo co establecido nos procedementos vixentes. O Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da Facultade inclúe mecanismos específicos para a recepción, atención e resposta destas achegas. Calquera membro da comunidade universitaria implicado na titulación —estudantado, PDI e PTXAS— pode formular propostas, suxestións ou reclamacións a través da coordinación do Grao, da Comisión de Docencia e Calidade ou mediante o buzón de suxestións e queixas habilitado na páxina web da Facultade.

Conforme ao **Informe sobre os recursos administrativos e reclamacións** rexistrados na Oficina de Análise de Reclamacións (OAR), durante o curso 2023/2024 presentáronse 5 **reclamacións, queixas e suxerencias** (que tiveron por obxecto o recoñecemento de estudos (2), bolsas e axudas (1), docencia (1) e datos persoais (1), sendo desestimadas 2 e arquivadas outras 2.

**Reclamacións, queixas e suxerencias**

| | | |
|---|---|---|
| Reconocimiento de estudios | 2 | Desestimadas |
| Bolsas e axudas | 1 | Arquivada |
| Docencia | 1 | Desestimada |
| Datos Persoais | 1 | Arquivada |

Asimesmo, formuláronse **5 recursos** (3 de reposición e 2 de alzada), sendo tan so 1 deles estimado.

**Recursos**

| | | |
|---|---|---|
| Validacións | 1 | Desestimado |
| Modificación matrícula | 1 | Desestimado |
| Outros | 1 | Estimado |
| Dispensa de asistencia a clase | 1 | Desistido |
| Cambios de grupo | 1 | Desestimado |

Trátase dunha cifra de reclamacións, queixas e suxerencias moi baixa, considerando o número de estudantes do título (947 no curso 2023/2024 Grao en Dereito e Dobre Itinerario).

**3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.**

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

As accións implementadas para a axenda 2023/2024 estiveron orientadas a dar cumprimento aos aspectos obrigatorios e ás recomendacións formuladas pola ACSUG no Informe final de avaliación para a renovación da acreditación, notificado o 18 de xaneiro de 2023.

**Modificación do Plan de Estudos (AM-01 Curso 2022-2023 / AM-01 Curso 2023-2024)**

A memoria para a solicitude de verificación do novo título de Grao en Dereito foi aprobada pola Comisión de Docencia e Calidade da Facultade o 9 de abril de 2024 e ratificada pola Xunta da Facultade o 15 de abril de 2024, o Consello de Goberno da USC o 25 de xuño de 2024 e o Consello Social da USC o 26 de xuño de 2025. Esta modificación do plan de estudos responde á vontade de dar cumprimento aos compromisos adquiridos tras o *Informe final de avaliación para a renovación da acreditación* e incorpora, entre outros, os seguintes elementos:

- Adaptación do número de prazas ofertadas á realidade da capacidade docente e organizativa da Facultade (170 prazas), o que permite considerar pechada a acción de mellora **AM-01** correspondente ao **curso 2022–2023.**
- Supresión da lingua inglesa como idioma de impartición, axustando a memoria á práctica docente real do título e aos recursos dispoñibles.
- Reordenación da secuencia formativa de determinadas materias co obxectivo de mellorar a súa coherencia curricular:
    - *Dereitos Reais*: de 1.º curso (Plan 2010) a 4.º curso (Plan 2024).
    - *Organización xudicial e proceso*: de 3.º curso (Plan 2010) a 1.º curso (Plan 2024).
    - *Procedementos tributarios*: de 3.º curso (Plan 2010) a 4.º curso (Plan 2024).
    - *Dereito Administrativo III – Garantías do administrado*: de 4.º curso (Plan 2010) a 3.º curso (Plan 2024), con nova denominación: *Dereito Administrativo IV – Garantías do administrado*.
    - *Filosofía do Dereito*: de 4.º curso (Plan 2010) a 2.º curso (Plan 2024).
- Inclusión dunha nova materia optativa de contido económico: *Análise económica do Dereito*, que responde á necesidade de reforzar a formación interdisciplinar do alumnado.
- Adaptación ao Real Decreto 822/2021, que implicou unha reelaboración integral da memoria:
    - Reformulación dos resultados de aprendizaxe do título e a súa adscrición a materias concretas.
    - Actualización das guías docentes para incorporar metodoloxías docentes, actividades formativas e sistemas de avaliación segundo o novo marco normativo, incluida a ficha da asignatura TFG que na memoria de verificación non contiña información algunha.
    - Introdución de sistemas de avaliación máis flexibles, mediante a definición de ponderacións máximas e mínimas, que permiten unha mellor adaptación ás distintas tipoloxías docentes.

Estas modificacións foron formuladas co obxectivo de mellorar a calidade da titulación, asegurar a súa adecuación normativa e dar resposta aos compromisos derivados dos procedementos de avaliación externa.

**Plan Estratéxico da Facultade (AM-02 Curso 2022-2023)**

Prevista inicialmente como acción de mellora a implementar no curso 2022/2023 **(AM-02 Curso 2022-2023)**, a elaboración do Plan Estratéxico da Facultade de Dereito foi adiada ao curso 2023/2024 ante o anuncio de que o Goberno da USC tiña previsto poñer en marcha a redacción do Plan Estratéxico da propia Universidade.

En consecuencia, na sesión da Comisión de Docencia e Calidade celebrada o 16 de febreiro de 2024, acordouse iniciar os traballos preparatorios para a elaboración do Plan Estratéxico da Facultade de Dereito. Unha vez aprobado o Plan Estratéxico da USC 2024-2026 en xuño de 2024, púxose en marcha definitivamente o proceso de redacción do Plan propio da Facultade.

De acordo co procedemento PE-01 Planificación Estratéxica recollido no Manual de Procesos do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Dereito, corresponde ao equipo decanal designar a comisión ou grupo responsable da súa elaboración. Para tal fin, nomeouse a Comisión de Docencia e Calidade na súa totalidade como órgano encargado do proceso, coa finalidade de distribuír equitativamente a responsabilidade e a carga de traballo entre todos os seus membros.

A finalización desta acción de mellora está prevista para o curso 2024/2025.

**Concreción do contido das reunións de coordinación (AM-2 Curso 2021-2022)**

Nas reunións de coordinación deben abordarse necesariamente as cuestións relativas as tarefas encomendadas ao estudantado durante as semanas de aulas interactivas para evitar unha carga excesiva de traballo. A implementación desta acción de mellora reflexase nas actas iniciais-finais dos coordinadores do curso 2023/2024, así como no referido, sobre este punto, polos delegados de curso nas reunións semestrais co equipo decanal.

**Mellorar a organización docente da titulación, con especial atención á compatibilidade horaria para o alumnado repetidor (AM-02 Curso 2023-2024; AM1 Curso 2021-2022)**

Co obxectivo de minimizar as incidencias derivadas da solapación horaria e mellorar a organización docente da titulación, especialmente no caso do alumnado repetidor, implementáronse as seguintes accións de mellora:

- Reorganización das semanas de docencia interactiva, de xeito que os cursos de 1º e 3º, por unha banda, e os de 2º e 4º, por outra, compartan período. Esta medida permite optimizar a compatibilidade horaria entre materias de diferentes cursos e facilitar a asistencia a clase do estudantado que repite. A proposta foi incorporada como acción de mellora **(AM-01/2021-2022)** e atópase xa finalizada.

- Rotación dos horarios dos grupos expositivos de mañá e tarde **(AM-02/2023-2024)**: Como medida complementaria, no curso académico 2023-2024 implantouse un sistema de rotación horaria polo cal o estudantado cursa dous anos en horario de mañá e dous anos en horario de tarde ao longo da titulación. Esta distribución favorece a equidade entre promocións, mellora a conciliación e reduce as limitacións derivadas das quendas fixas.

**Acceso simplificado aos horarios académicos (AM-04 Curso 2023-2024)**

Seguindo a recomendación formulada no Informe final de avaliación para a renovación da acreditación implementouse procedeuse a publicar na sección "Horarios" (https://www.usc.gal/es/centro/facultad-derecho/horarios), os horarios do Grao en Dereito nun arquivo único en formato PDF, co obxectivo de facilitar o acceso á información e optimizar a súa utilidade práctica.

**Incremento da taxa de participación do estudantado nas enquisas de satisfacción (AM-03 Curso 2022-2023, AM-05 Curso 2023-2024)**

Unha das debilidades do SGC é a súa capacidade para xerar indicadores fiables que permitan a a avaliación, tendo en conta que as taxas de participación nas enquisas son baixas. A tal efecto, fóronse artellando acción de mellora tendentes a incrementar o grado de participación dos estudantes do Grao en Dereito que, ao menos no curso académico 2023/2024, están a resultar efectivas.

**3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

No apartado 3.1 mencionouse que a Comisión de Calidade e Planificación, órgano delegado do Consello de Goberno da USC, aprobou o 19 de decembro de 2019 o Manual de Procesos da Facultade de Dereito, así como a quinta edición do Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade. Estes documentos foran previamente aprobados pola Comisión Permanente da Xunta da Facultade de Dereito na sesión do 23 de xullo de 2019.

Cómpre lembrar tamén que estes documentos foron obxecto de modificacións menores, relativas fundamentalmente á actualización da denominación dalgunhas comisións, co fin de adaptalas ás particularidades organizativas do centro. Estas modificacións foron aprobadas pola Comisión de Docencia e Calidade da Facultade de Dereito o 1 de outubro de 2021, pola Xunta da Facultade o 4 de outubro de 2021 e, finalmente, pola Comisión de Calidade e Planificación da USC o 6 de outubro do mesmo ano.

En coherencia co exposto no apartado anterior, o bo funcionamento do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade ten propiciado a elaboración de plans de mellora cuxas accións acadan un elevado grao de eficacia. A labor desenvolvida pola Comisión de Docencia e Calidade é especialmente destacable, tanto pola súa dedicación como pola frecuencia das súas reunións. Cómpre salientar tamén a participación activa dos distintos grupos de interese —estudantado, PDI, PTXAS, persoal membros do comité consultivo, entre outros— na planificación e desenvolvemento das accións de mellora nos seus respectivos ámbitos.

As evidencias recollidas no marco do SGC poñen de manifesto a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro, orientada á mellora continua da titulación do Grao en Dereito. Neste contexto, a Facultade de Dereito da USC aspira a consolidarse como referente no ámbito do Sistema Universitario Galego e tamén no conxunto do sistema universitario español.

**DIMENSIÓN 2. RECURSOS**

**CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:**
**Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.**
Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**Perfil PDI**

O PDI que imparte docencia no Grao en Dereito está integrado por (INF.E.15):

- Catedrático/a de Universidade: 29 (28,43%)
- Titular de Universidade: 33 (32.35%)
- Profesor/a Contratado/a Doutor: 11 (10.78%)
- Profesor/a Axudante Doutor: 6 (5.88%)
- Profesor/a Interino: 7 (6.86%)
- Profesor/a Asociado: 5 (4.9%)
- Profesor/ Lector: 2 (1.96%)
-

Total PDI que imparte docencia no Grado en Dereito: 102

**Categoría PDI do Grao en Dereito (INF.E.15)**




O profesorado encargado da docencia no Grao en Dereito da USC reúne a cualificación docente e investigadora esixida, tanto no persoal funcionario como no contratado. Segundo a documentación presentada, no curso 2023/2024, o 97,30 % do PDI que participa na impartición da titulación conta con sexenios de investigación, o que supón un lixeiro incremento respecto ao 96,92 % rexistrado no curso 2022/2023, mantendo desde o curso 2019/2020 unha porcentaxe superior ao 95 % (IN24G). Esta cifra é notablemente superior á media da USC, situada no 86,46 %. Do mesmo xeito, o 84,54 % do profesorado é doutor, cifra que tamén se incrementa en comparación co 83,33 % do curso anterior (IN25G), situándose por riba da media da USC, que é do 83,26 %. En canto ao profesorado funcionario, representa o 64,95 % do total do PDI, aumentando respecto ao 63,33 % do curso 2022/2023 (IN26G), e superando a media da USC, que se atopa no 52,80 %.

**Comparativa PDI do Grao en Dereito coa media da USC: sexenios, doutor, funcionario**




O índice de satisfacción do profesorado do Grao en Dereito coa docencia impartida mantense moi elevado, alcanzando un 4,23 sobre 5,0 (INF14), o que coincide cos valores rexistrados nos dous cursos académicos precedentes. En canto á satisfacción global do profesorado coa titulación, esta sitúase no 3,87 sobre 5 no curso 2023/2024, representando unha lixeira diminución respecto ao curso anterior, no que se acadou un 4,08 (INF23). As principais causas desta lixeira caída

na satisfacción relacionan-se coa baixa asistencia regular do alumnado ás clases e coa reducida implicación no proceso formativo, aspectos que obtiveron unha valoración de 2,95 sobre 5. Isto tamén se reflicte negativamente nas actas de coordinación, onde se destaca o impacto adverso que ten na formación do estudantado e nos seus resultados académicos. Por iso, é imprescindible implementar unha acción de mellora que teña como obxectivo identificar os motivos desta falta de asistencia e adoptar medidas para reducir a súa incidencia.

As prácticas académicas externas, tal e como se expón no apartado 1.3 do presente autoinforme, constitúen actividades formativas supervisadas por un coordinador externo á titulación e por un coordinador académico —o/a Vicedecano/a de Organización Académica—, que o alumnado realiza co obxectivo de aplicar e complementar os coñecementos adquiridos durante a súa formación, así como para favorecer a adquisición de competencias profesionais que faciliten a súa empregabilidade e estimulen a súa capacidade emprendedora. Estas prácticas poden desenvolverase na Universidade de Santiago de Compostela ou en entidades colaboradoras, tanto públicas como privadas. A asignación dos destinos efectúase por orde da media do expediente académico, no marco dunha convocatoria organizada polo/a Vicedecano/a de Organización Académica. Ao alumnado que supere as prácticas recoñécenselle créditos optativos, distribuídos en Prácticas Externas I (4,5 ECTS) e Prácticas Externas II (4,5 ECTS). O nivel de satisfacción dos titores de prácticas externas é moi elevado, cunha puntuación media de 4,43 sobre 5 (IN20G), que incrementa en 0.30 puntos o dato do curso 2022/2023.

Satisfacción dos titores de prácticas externas




En relación cos titores dos Traballos de Fin de Grao (TFG), son os departamentos os encargados de propoñer, en función das liñas de investigación do profesorado, un listado de titores (PDI) por cada liña temática. Unha vez debidamente convocados, os estudantes proceden á selección do titor e da liña de traballo segundo os procedementos establecidos na normativa aplicable (Regulamento de TFG da Facultade de Dereito - https://acortar.link/WyI236). A elección do titor e da liña por parte do alumnado realízase en función da nota media do expediente, multiplicada polo número de créditos superados, ata un máximo de 180 créditos; este mecanismo de corrección foi aprobado na Xunta de Facultade do 18 de decembro de 2014, na que se modificou o artigo 10.2 do Regulamento de TFG. No ámbito da tutorización dos TFG, o nivel de satisfacción do profesorado alcanzou os 4,11 puntos no curso 2023/2024, o que supón un incremento de 0,2 puntos respecto do curso 2022/2023 (INF14).

Satisfacción do profesorado coa dirección de TFG/TFM



**Conclusión:** Á vista das evidencias recollidas, conclúese de maneira fundamentada que o perfil académico do profesorado asignado ao primeiro curso do Grao, así como ao conxunto dos restantes cursos, ás Prácticas Externas e ao Traballo de Fin de Grao, resulta plenamente axeitado aos requisitos da titulación.

A Universidade de Santiago de Compostela ofrece, a través do **Plan de Formación e Innovación Docente** (PFID), diversas oportunidades de formación para o profesorado, entre elas cursos específicos dirixidos aos docentes do Grao en Dereito (https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/formacion/pfid/programacion). No curso 2023/2024, o 25,96 % do PDI adscrito ao Grao participou nalgunha destas actividades formativas, supoñendo un incremento significativo respecto ao 16 % rexistrado no curso 2022/2023 (I6-17), aínda que continúa moi lonxe dos niveis alcanzados no curso 2019/2020. Diante das múltiples posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías e a intelixencia artificial para transformar a docencia, faise imprescindible intensificar a formación do profesorado en novas metodoloxías docentes. Esta formación non só nos permite estar ao día coas ferramentas e técnicas máis innovadoras, senón que tamén contribúe a adaptar a ensinanza ás necesidades e hábitos actuais do alumnado, mellorando así a súa participación e aprendizaxe. En definitiva, apostar pola actualización constante a través de cursos de formación e innovación docente é clave para garantir unha educación de calidade e eficaz nun contexto educativo en continuo cambio, polo cal este indicador debe ser obxecto de seguimento nos vindeiros informes de seguimento.

**Participación do PDI do Grao en Dereito nas actividades do PFID**




Á marxe de outros programas de mobilidade (convocatorias estatais e europeas), o profesorado da Facultade participou e participa nos programas de mobilidade xestionados pola USC (Erasmus docente, convenios bilaterais, etc.), seguindo os calendarios e convocatorias establecidos pola propia Universidade no seu portal da Área Internacional (https://www.usc.gal/gl/servizos/area/internacional). A porcentaxe do PDI do Grao en Dereito que participaron en programas de mobilidade (sobre o total dos profesores do título) foi dun 10.78% (mellorando notablemente o dato do 2.04 no curso 2022/2023) (INF.I10).

**Porcentaxe do PDI do Grao en Dereito que participou en programas de mobilidade**



| 4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos. |
|---|

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A USC dispón de servizos centralizados de Xestión Académica, na cuxa estrutura se enmarca a Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos, que coordina a xestión de toda a actividade administrativa derivada da xestión académica, económica e de recursos humanos do Centro, e presta apoio ás autoridades académicas na planificación e programación docente. Nela se enmarcan os servizos de administración e xestión propios da Facultade de Dereito. Ao persoal adscrito á Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos da Facultade de Dereito debe engadirse o persoal de apoio que está no centro, se ben non presta servizos directos ao Grao en Dereito.

**Persoal adscrito á Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos da Facultade de Dereito.**

| Nº de efectivos | Denominación do posto |
|---|---|
| 1 | Responsable da Unidade |
| 1 | Responsable de Asuntos Económicos |
| 1 | Secretaría de Decanato |
| 2 | Secretaría de Departamentos |
| 1 | Posto base da Unidade |
| 1 | Responsable do Punto de Atención, Información e Servizos |
| 3 | Postos base do Punto de Atención, Información e Servizos |

**Outro persoal de apoio Facultade de Dereito**

| Nº de efectivos | Denominación do posto |
|---|---|
| 1 | Negociado Instituto de Criminoloxía |
| 1 | Técnico Superior de Información CEDE |
| 1 | Negociado Facultade Dereito |

Todo o PTXAS conta co nivel de cualificación esixido. Aínda que, faise constar que o proceso de selección do persoal de administración e servizos, así como o seu destino, non é competencia do Centro, polo que tampouco procede valorar a contratación e mellora do persoal de apoio máis aló da reivindicación de que a Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamento da Facultade de Dereito sexa dotada o persoal suficiente para facer fronte a súa elevada carga de traballo. Segundo o “E-16 Información sobre o persoal de apoio-Facultade de Dereito”, o centro conta con 13 PTXAS, entre o persoal adscrito á Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos da Facultade de Dereito e outro persoal de apoio da Facultade de Dereito. Deles, só 7 teñen unha experiencia superior aos 6 anos no seu posto.

A Universidade de Santiago de Compostela ofrece oportunidades aos membros do PAS para actualizarse e continuar

coa súa formación. No curso académico 2023/2024, un destacado 53,85 % do PTXAS adscrito á Facultade de Dereito realizou algún curso, mantendo un porcentaxe idéntico ao rexistrado no curso académico inmediatamente anterior (I6-17). Aínda que o nivel de participación é aceptable, está moi lonxe das cifras rexistradas no curso académico 2019/2020, que alcanzou o 83,33 % (gráfico 11). A valoración media do PTXAS respecto das acción formativas do curso académico 2023/2024 alcanzou como media de satisfacción global os 7.98 puntos.

**Porcentaxe de participación do PTXAS nos plans de formación (I6-17)**




Finalmente, o PTXAS da Facultade de Dereito amosa un alto nivel de satisfacción co seu traballo, cunha puntuación de 4.04 sobre 5 (INF.21), incrementándose notablemente este valor respecto do curso anterior que se fixaba en 3.67 puntos sobre 5.

**Satisfacción do PTXAS co seu traballo**



**DIMENSIÓN 2. RECURSOS**

**CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:**

**Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.**

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

**5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, …
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistencias e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), …
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,… son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,…) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**Instalacións da Facultade de Dereito**

As instalacións da Facultade de Dereito son compartidas polas titulacións adscritas a este centro (Grao en Dereito, Grao en Criminoloxía, Mestrado Universitario en Avogacía e Procura, Mestrado Universitario en Estudos Internacionais, Mestrado Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais). Ademais, parte das súas aulas están cedidas, con carácter temporal, á Facultade de Farmacia mentres non rematen as obras do novo edificio que acollerá dito centro, integrado no proxecto Cidade da Saúde.

A) **Aulas de propósito xeral**

- A planta baixa e a primeira planta contan con 6 aulas tipo anfiteatro (salón de actos e aulas 1, 2, 3, 4 e 5), cunha capacidade que varía entre os 420 postos da aula 1 e os 100 postos das aulas 4 e 5.
- Na planta semisótano existen 2 salas con asentos fixos (aulas 6 e 7), con 120 postos cada unha, e outras 3 na planta baixa (aulas 9, 10 e 11), cunha capacidade que vai dos 135 aos 81 postos.
- A planta baixa conta tamén con 4 aulas de asentos móbiles (aulas 16, 17, 18 e 19), con capacidades que oscilan entre os 56 e os 80 postos.

Todas estas aulas dispoñen de luz natural, enchufes e calefacción. No que atinxe ao equipamento docente, contan con encerado, canón de vídeo fixo e pantalla de proxección ou TV, ordenador de mesa, equipo de videoconferencia e conexión Wi-Fi.

B) **Aulas-seminario**

A Facultade conta tamén con espazos adecuados para a realización de actividades docentes interactivas. Na planta baixa atópanse as aulas 12 e 13 (con arredor de 35 postos cada unha), así como outras cinco aulas de similares características nas áreas de Dereito Civil, Economía, Filosofía do Dereito e Historia do Dereito.

A estes espazos hai que engadir a Aula Seminario 0 (uns 50 postos) e a Aula "Profesor José Manuel Lete del Río" (uns 66 postos), ambas configuradas para a celebración de seminarios e videoconferencias, e dotadas cos medios necesarios para o seu desenvolvemento.

As aulas seminario contan tamén con luz natural, enchufes e calefacción, así como con encerado, canón de vídeo fixo e pantalla de proxección ou TV, ordenador de mesa e conexión Wi-Fi. No caso de que non dispoñan dun equipo de videoconferencia, este pode ser facilitado de forma portátil.

C) **Aula de informática**

A Facultade dispón dunha aula de informática situada na segunda planta, con 56 postos.

D) **Espazos para o traballo individual ou en grupo do alumnado**

A Facultade de Dereito conta cunha Sala de Lectura con aproximadamente 200 postos.
Xunto a ela atópanse as aulas 14 e 15, destinadas á realización de traballos en grupo por parte do alumnado.
Así mesmo, os estudantes poden utilizar para este tipo de traballos ou para a preparación de clases prácticas e seminarios as aulas que non estean ocupadas por outras actividades, previa solicitude.

E) **Outros espazos**

A Facultade de Dereito conta con dúas salas habilitadas como aulas de idiomas (Aula de Dereito Eclesiástico e Aula Ático). Dispón tamén dun Salón de Graos cunha capacidade para 142 persoas, dotado de megafonía, pantalla fixa, canón de vídeo, ordenadores e equipo de videoconferencia, que pode empregarse para actividades vinculadas ao grao, como conferencias, relatorios, etc.

No Informe Final de Evaluación para a renovación da acreditación indícase, a este respecto, que *"debe valorarse positivamente la acción de mejora emprendida en materia de infraestructuras, en fase de ejecución, consistente en en la impermeabilización y limpieza de la fachada y en la eliminación de goteras y humedades en las aulas. En los últimos años se han acometido mejoras en algunas infraestructuras (aire acondicionado y renovación de mobiliario en biblioteca, mejora de conexiones wifi, aumento de enchufes para cargar portátiles, habilitación de espacios para trabajo en grupo, mejora de la iluminación, prevención del estrés térmico, etc.)".* Seguindo nesta liña, durante o curso académico 2023/2024, rematouse o arranxo das filtracións de auga que se tiñan detectado nas aulas 4 e 5, así como no salón de actos, dándose así por finalizada a acción de mellora implementada a este efecto **(AM-5 Curso 2021-2022; AM-06 Curso 2022-2023).**

Igualmente, en aplicación da acción de mellora **AM-07** correspondente ao **curso 2022-2023**, instaláronse bombas de calor co obxectivo de dar solución aos problemas de calefacción que se viñan detectando na terceira planta do edificio.

Finalmente, acometéronse en aplicación da **AM-06 (Curso 2023-2024)** as obras de acondicionamento da entrada á Facultade de Dereito pola zona da Biblioteca Concepción Arenal. Os problemas detectados nesta área tiñan a súa orixe nun mantemento insuficiente da infraestrutura e nunha planificación deficiente no que atinxe á accesibilidade. A existencia de desniveis no pavimento podía deberse tanto ao desgaste dos materiais como á execución deficiente de reformas anteriores. Pola súa banda, a acumulación de auga evidenciaba a ausencia dun sistema de drenaxe eficaz, mentres que as dificultades de acceso para persoas con mobilidade reducida poñían de manifesto o incumprimento da normativa vixente en materia de accesibilidade universal. A conxunción destes factores comprometía seriamente a seguridade e a inclusión, facendo imprescindible unha intervención inmediata.

**Biblioteca Concepción Arenal**

A Biblioteca Universitaria "Concepción Arenal", integrada na Biblioteca Universitaria da Universidade de Santiago de Compostela (BUSC), reúne os fondos bibliográficos indispensables na rama de coñecemento das Ciencias Xurídicas e Sociais.

Trátase dun edificio moderno, anexo á Facultade de Dereito e á Escola de Práctica Xurídica de Santiago, cunha superficie de 7.410 m² distribuída en seis andares, organizados en dúas áreas diferenciadas: unha zona de estudo e outra de investigación.

Pon á disposición dos seus usuarios as seguintes salas:

- **Sala de lectura**: Distribuída en tres andares, alberga as coleccións actuais de libros e manuais de uso máis frecuente en libre acceso e conta con 952 postos de lectura.
  Na planta de acceso atópanse unha *aula de formación* con 30 postos e unha *zona de descanso e traballo en grupo*, que pode adaptarse como sala de conferencias.
- **Sala de investigación**: Situada nunha soa planta, está destinada á consulta de fondos especializados, co fondo de investigación e a hemeroteca. Conta con 49 postos individualizados para investigadoras e investigadores, que se poden reservar e que dispoñen de taquilla para depositar obxectos persoais, toma de corrente e conexión fixa a Internet. Ademais, ofrece 24 postos para consultas puntuais do fondo.
- **Depósito**: Na última planta almacénase o fondo de menor uso e máis antigo, revistas pechadas e publicacións de investigación, así como teses.

Unha completa información pode atoparse na súa páxina web: https://www.usc.gal/gl/servizos/area/biblioteca-universitaria/biblioteca-concepcion-arenal

**Repositorio Institucional Minerva** (https://minerva.usc.es/home)

A USC, sumándose ás iniciativas de *Open Access*, proporciona, a través deste repositorio xestionado pola Biblioteca, acceso ás súas coleccións bibliográficas dixitalizadas e á produción científica e docente dos seus membros.

Como apoio ao alumnado, cómpre salientar as seguintes comunidades: *Proxectos e Traballos do Alumnado – Ciencias Sociais e Xurídicas*; *Recursos Docentes – Ciencias Sociais e Xurídicas*; *Traballos Fin de Grao – Ciencias Sociais e Xurídicas*; *Traballos Fin de Máster – Ciencias Sociais e Xurídicas*. Na colección de TFG do Grao en Dereito hai actualmente depositados 45 traballos, que son aqueles que, en función da súa calidade –en particular os cualificados con matrícula de honra–, foron seleccionados polas correspondentes Comisións Académicas.

**Orientación académica e orientación profesional**

O centro carece de servizos propios de orientación académica e orientación profesional. Estes servizos son prestados con carácter xeral pola propia Universidade de Santiago de Compostela a través de distintas oficinas, tales como a Oficina de Información ao Universitario (OIU) (https://www.usc.gal/gl/ao-teu-servizo/oiu) e a Área de Orientación Laboral e Emprego (https://www.usc.gal/gl/servizos/area/orientacion-laboral-emprego). Todo isto sen prexuízo de que os membros do equipo decanal, os integrantes da Unidade de Xestión e o persoal do Punto de Atención, Información e Servizos do centro atendan certas demandas de información do estudantado.

Centrándonos na orientación profesional, a misión da Área de Orientación Laboral e Emprego é desenvolver accións de información, formación e orientación co obxectivo de mellorar as opcións de ocupación e o proceso de integración laboral do estudantado e das persoas tituladas, así como facilitar a transición do sistema educativo ao mercado de traballo. Entre as actividades destacables organizadas no curso 2023/2024 e que foron publicitadas a través da aula da Coordinación do Grao en Dereito do Campus Virtual, atópanse as seguintes:

a) "3 estratexias para potenciar as competencias na procura de emprego", celebrada o 6 de novembro;

b) a celebración da X Edición do Proxecto Mentoring. Desenvolvemento profesional da USC, programa que ten como obxectivo iniciar ao estudantado universitario nun proceso de apoio individual para a toma de decisións e a planificación do seu futuro profesional (elaboración do CV, perfil en LinkedIn, programas de prácticas, preparación de entrevistas de traballo, información sobre saídas profesionais...);

c) a Feira Virtual do Emprego da USC, celebrada os días 24 e 25 de abril.

Pola súa banda, a Facultade de Dereito organiza anualmente as Xornadas de Saídas Profesionais, que constan de diferentes sesións distribuídas ao longo do curso. Estas xornadas teñen como obxectivo ofrecer ao alumnado unha visión ampla e actualizada das distintas opcións profesionais ás que poden acceder unha vez rematados os seus estudos, así como establecer contacto directo con profesionais en activo de distintos sectores vinculados ao Dereito que conleva a volta as aulas dos nosos egresados. Nas mesmas abordáronse as seguintes cuestións: a carreira profesional da avogacía (membros do Despacho Uría Menéndez), o sistema de acceso á Garda Civil (Jesúa Aneiros Rodríguez), Corpo de Xestión da Administración Civil do Estado (Noemi Veiga Novas), Corpo Superior da Xunta de Galicia (Ana María Rodríguez Torres), Letrados da Xunta de Galicia (Agustín Pigni Giraudo), Avogacía do Estado (Juan José Vázquez-Portomeñe Seijas), Inspección de Traballo (Cecilia Garza González), Prácticas e emprego nas institucións da UE (Jesús Saavedra Carballido e Alberto Escobar Rivas).

No que respecta aos **programas de acollida e apoio**, na primeira semana do curso en setembro tivo lugar unha "Xornada de benvida para o alumnado de primeiro curso do Grao en Dereito e do Dobre itinerario en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos" (11 de setembro de 2021). Nela interviñeron, ademais dos membros do equipo decanal, a responsable do Plan de Acción Titorial, o director da Biblioteca Concepción Arenal, a directora do Centro de Linguas Modernas e persoal da sección de Deportes. Non obstante, non se organiza ningunha xornada de benvida específica para o estudantado de intercambio, que presenta as mesmas carencias de información e descoñecemento sobre o funcionamento do centro que o estudantado de novo ingreso. Por este motivo, plantexouse como acción de mellora **(AM-07 Curso 2023-2024)** a programación dunha xornada de acollida dirixida especificamente ao alumnado de intercambio, co obxectivo de facilitar a súa integración académica e social na Facultade e ofrecerlle información clara e precisa sobre os recursos, servizos e procedementos do centro.

No ano 2019 aprobouse o **Plan de Acción Titorial (PAT)**, cuxa responsable académica é a profesora Silvia Fernández Martínez. O PAT da Facultade de Dereito inclúe actividades de acollida e orientación dirixidas ao estudantado, tanto no momento da súa incorporación á vida universitaria como ao longo da súa traxectoria académica. O obxectivo principal deste plan é favorecer a integración do alumnado no ámbito universitario, fomentar a súa aprendizaxe e acompañalo no deseño da súa carreira profesional e na busca de emprego. Para iso, estrutúrase en tres bloques fundamentais: a) Orientación ao estudantado de novo ingreso: mediante a Xornada de acollida e presentación da Facultade; b) Orientación ao longo dos estudos: a través de sesións informativas sobre programas de mobilidade; elaboración de guías sobre mobilidade, prácticas externas, TFG e TFM; así como a participación no Programa de Apoio Titorial Extraordinario da USC, destinado a axudar o alumnado a superar aquelas materias que presentan especiais dificultades; c) Orientación para a toma de decisións ao remate dos estudos: con conferencias sobre procura de emprego e emprendemento, e sesións informativas sobre a oferta de formación de posgrao. No curso académico 2023/2024 participaron no acompañamento a través do PAT os seguintes estudantes do Grao en Dereito, cubríndose as 4 prazas asignadas ao Grao en Dereito: María Eduarda Santana Cardoso, Sabela Alfonsín Crugeiras, Elena Barja Caride e Mario Pazos Alvite.

Información dispoñible no seguinte enlace: https://www.usc.gal/es/node/27291

| DIMENSIÓN 3. RESULTADOS | |
|---|---|

**CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:**

**Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.**

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

**6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.**

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**GRAO EN DEREITO**

Os resultados de aprendizaxe acadados polos egresados en Dereito son coherentes co perfil de egreso, satisfacen, en termos xerais, os obxectivos do programa formativo e correspóndense co nivel 2 do MECES (Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior). Deste xeito, os titulados acadan as competencias básicas, xerais e específicas previstas na Memoria.

1. **Taxa de rendemento (IN34CG)**

A taxa de rendemento (relación entre os créditos superados e os créditos matriculados) no curso 2023/2024 foi do 71,87 %, o que supón un lixeiro incremento respecto dos valores rexistrados nos cursos 2021/2022 (69,03 %) e 2022/2023 (69,57 %). Estes resultados sitúanse por riba da taxa de rendemento estimada na Memoria de Verificación do título, fixada no 64 % (apartado 8.1). Con todo, a taxa de rendemento do grao continúa por debaixo da media da Área (81,31%) e da USC (81,65%).



Por materias, a taxa de rendemento acadada é a seguinte:

a) **Materias que superan a taxa de rendemento prevista na memoria de verificación:** G3161101-Dereito Constitucional I-Definición do Estado e Sistema de Fontes, un 85,93%; G3161103 Economía Política I-Empresa e Mercados, un 78,97%; G3161105 Teoría do Dereito, un 83,33%; G3161106 Dereito Constitucional I-Órganos do Estado Democrático, un 83,90%; G3161108 Economía Política II-Facenda Pública, un 76,12%; G3161109 Técnicas de Expresión Oral e Escrita Aplicadas ao Dereito, un 82,46%; G3161104 Fundamentos Históricos do Dereito, un 64,29%; G31611221 Introdución ao Dereito Civil e Dereito da Persoa, un 68,49%; G3161223 Dereito de Obrigacións e Responsabilidade Civil, un 67,58%; G3161201 Dereito Eclesiático do Estado, un 86,29%; G3161222 Dereito Constitucional II-Os Dereitos e as Libertades e a súa protección, un 80,33%; G3161225 Dereito Admininstrativo I-Fundamentos de Dereito Administrativo, un 83,18%; G3161226 Dereito do Traballo I, un 76,81%; G3161228 Dereito Administrativo I-Instrumentos da Actividade Administrativa, un 73,46%; G3161321 Dereito de Familia, un 83,52%; G3161322 Dereito de Traballo II, un 89,71%; G316323 Dereito Financeiro, un 96,43%; G3161324 Dereito Mercantil I, un 90,91%; G3161325 Dereito Penal, parte especial-Delitos contra a persoa e contra o patrimonio, un 86,46%; G3161326 Organización Xudicial e Proceso, un 86,39%; G3161327 Dereito de Sucesións, un 83,84%; G316328 Dereito Mercantil II, un 84,42%; G3161329 Dereito Penal, parte especial-delitos contra a orde socioeconómica e contra a comunidade, un 87,23%, G3161330 Dereito Procesual Penal, un 85,50%; G3161331 Dereito Administrativo II-Formas e medios da actividade administrativa, un 91,28%; G3161332 Procedementos tributario, un 77,84%; G316421 Dereito Internacional Privado, un 85,26%; G316422 Dereito Mercantil III, un 92,79%; G316423 Dereito Procesual Civil I, un 76,54%; G3161424 Dereito Administrativo III-Garantías do administrado, un 96,61%; G3161425 Dereito Procesual Civil II, un 74,38%; G316426 Filosofía do Dereito, un 90,30%; G316427 Sistema Tributario, un 84,44; G3161441 Criminoloxía, un 76,47%; G3161442 Dereito Constitucional e Unión Europea, un 92,31%; G316443 Dereito Rexistral, un 90,91%; G3161444 Historia da Configuración Xurídica da Europa, un 94,12%; G3161445 Historia do pensamento Xurídico, un 72,22%; G3161446 Idioma Estranxeiro Técnico-Xurídico I Lingua Inglesa, un 90.91%; G3161450 Idioma Estranxeiro Técnico-Xurídico II Lingua Inglesa, un 100%; G3161454 Medicina Legal, un 90%; G3161455 Métodos de solución de conflictos e técnicas de negociación, un 94,83%; G3161460 Prácticas externas I, un 91,67%; G3161461 Prácticas Externas II, un 92%; G3161428 Traballo Fin de Grado, un 66,20%.

b) **Materias que se ubican entre o 40% e o 64% da taxa de rendemento prevista na Memoria de Verificación:** G3161122 Dereitos Reais, un 49,34%; G3161202 Institucións e Dereito da Unión Europea, un 51,61%; G3161221 Dereito Penal-Parte Xeral, un 61,63%; G3161224 Dereito Internacional Público, un 42,37%; G3161227 Dereitos de Contratos, un 61,54%.

c) **Materias cuxa taxa de rendemento se sitúa por debaixo do valor previsto na Memoria de Verificación:** G3161102 Dereito Romano-Introdución Histórica e Procesual-Dereitos Reais, un 26,45%; G3161107 Dereito Romano-Sucesión Hereditaria e Obrigas, un 24,60%.

Con relación a este último grupo de materias (c), é necesario articular unha acción de mellora, reiterativa das **AM-04 e AM-10 Curso 2022-2023**, consistente nunha reunión cos profesores encargados das referidas materias con fin de recabar información axeitada que permita entender as diferentes causas que motivaron estas porcentaxes tan baixas e adoptar medidas oportunas que incrementen esas taxas de rendemento **(AM-01 Curso 2024/2025)**.

2. **Taxa de éxito (IN35CG)**

A taxa de éxito (relación porcentual entre os créditos superados e os créditos ao que se presentaron) no curso 2023/2024 foi do 83%, o que supón un lixeiro incremento respecto dos valores acadados nos cursos 2021/2022 (81,56 %) e 2022/2023 (82,14 %). Estes resultados sitúanse, ademais, por riba da taxa de éxito estimada na Memoria de Verificación

do título, fixada no 80 % (apartado 8.1). Con todo, a taxa de éxito do grao continúa por debaixo da media da Área (87,63%) e da USC (88,09%).




Por materias, a taxa de éxito acadada é a seguinte:

a) **Materias que superan a taxa de éxito prevista na memoria de verificación, así como a media da taxa de éxito do Grao en Dereito:** G3161101-Dereito Constitucional I-Definición do Estado e Sistema de Fontes, un 85,53%; G3161103 Economía Política I-Empresa e Mercados, un 85,79%; G3161105 Teoría do Dereito, un 89,01%; G3161106 Dereito Constitucional I-Órganos do Estado Democrático, un 89,58%; G3161108 Economía Política II-Facenda Pública, un 89,53%; G3161109 Técnicas de Expresión Oral e Escrita Aplicadas ao Dereito, un 89,23%; G3161201 Dereito Eclesiático do Estado, un 89,88%; G3161222 Dereito Constitucional II-Os Dereitos e as Libertades e a súa protección, un 85,47%; G3161225 Dereito Admininstrativo I-Fundamentos de Dereito Administrativo, un 91,96%; G3161226 Dereito do Traballo I, un 85,03%; G3161228 Dereito Administrativo I-Instrumentos da Actividade Administrativa, un 82,89%; G3161321 Dereito de Familia, un 88,02%; G3161322 Dereito de Traballo II, un 94,01%; G316323 Dereito Financeiro, un 97,01%; G3161324 Dereito Mercantil I, un 91,89%; G3161325 Dereito Penal, parte especial-Delitos contra a persoa e contra o patrimonio, un 86,91%; G3161326 Organización Xudicial e Proceso, un 91,96%; G3161327 Dereito de Sucesións, un 94,86%; G316328 Dereito Mercantil II, un 88,76%; G3161329 Dereito Penal, parte especial-delitos contra a orde socioeconómica e contra a comunidade, un 92,13%, G3161330 Dereito Procesual Penal, un 95,53%; G3161331 Dereito Administrativo II-Formas e medios da actividade administrativa, un 94,58%; G3161332 Procedementos tributarios, un 83,24%; G316421 Dereito Internacional Privado, un 87,50%; G316422 Dereito Mercantil III, un 93,64%; G316423 Dereito Procesual Civil I, un 85,52%; G3161424 Dereito Administrativo III-Garantías do administrado, un 99,13%; G3161425 Dereito Procesual Civil II, un 85%; G316426 Filosofía do Dereito, un 92,37%; G316427 Sistema Tributario, un 86,36%; G3161428 Traballo Fin de Grado, un 100%; G3161441 Criminoloxía, un 100%; G3161442 Dereito Constitucional e Unión Europea, un 100%; G316443 Dereito Rexistral, un 90,91%; G3161444 Historia da Configuración Xurídica da Europa, un 94,12%; G3161445 Historia do pensamento Xurídico, un 100%; G3161446 Idioma Estranxeiro Técnico-Xurídico I Lingua Inglesa, un 100%; G3161450 Idioma Estranxeiro Técnico-Xurídico II Lingua Inglesa, un 100%; G3161454 Medicina Legal, un 100%; G3161455 Métodos de solución de conflictos e técnicas de negociación, un 100%; G3161460 Prácticas externas I, un 97,06%; G3161461 Prácticas Externas II, un 100%.

b) **Materias que se ubican entre o 60% e o 80% da taxa de éxito prevista na Memoria de Verificación:** G3161104 Fundamentos Históricos do Dereito, un 79,17%; G31611221 Introdución ao Dereito Civil e Dereito da Persoa, un 79,51%; G3161122 Dereitos Reais, un 66,82%; G3161223 Dereito de Obrigacións e Responsabilidade Civil, un 75,88%; G3161221 Dereito Penal-Parte Xeral, un 69,91%.

c) **Materias cuxa taxa de éxito se sitúa por debaixo do valor previsto na Memoria de Verificación:** G3161102 Dereito Romano-Introdución Histórica e Procesual-Dereitos Reais, un 50,83%; G3161107 Dereito Romano-

Sucesión Hereditaria e Obrigas, un 45,23%; G3161202 Institucións e Dereito da Unión Europea, un 55,50%; G3161224 Dereito Internacional Público, un 55,50%;

Con relación a este último grupo de materias (c), é necesario articular unha acción de mellora, reiterativa das **AM-04 e AM-10 Curso 2022-2023**, consistente nunha reunión cos profesores encargados das referidas materias con fin de recabar información axeitada que permita entender as diferentes causas que motivaron estas porcentaxes tan baixas e adoptar medidas oportunas que incrementen esas taxas de éxito **(AM-01 Curso 2024/2025)**.

### 3. Taxa de avaliación (IN36CG)

A taxa de avaliación (relación porcentual entre os créditos aos que se presentaron e os créditos nos que se matricularon) no curso 2023/2024 foi do 86,59%, o que supón un incremento respecto dos valores acadados nos cursos 2021/2022 (84,63 %) e 2022/2023 (84,70 %). Con todo, a taxa de avaliación do grao continúa por debaixo da media da Área (92,79%) e da USC (92,69 %).




Por materias, a taxa de avaliación acadada é a seguinte:

a) **Materias cuxa taxa de avaliación se sitúa entre o 80% e o 100%:** G3161101-Dereito Constitucional I-Definición do Estado e Sistema de Fontes, un 95,98%; G3161103 Economía Política I-Empresa e Mercados, un 92,06%; G3161104 Fundamentos Históricos do Dereito, un 81,20%; G3161105 Teoría do Dereito, un 93,63%; G3161106 Dereito Constitucional I-Órganos do Estado Democrático, un 93,66%; G3161108 Economía Política II-Facenda Pública, un 90,05%; G3161109 Técnicas de Expresión Oral e Escrita Aplicadas ao Dereito, un 92,42%; G3161121 Introdución ao Dereito Civil e Dereito da Persoa, un 86,13%; G3161201 Dereito Eclesiático do Estado, un 96%; G3161202 Institucións e Dereito da Unión Europea, un 84,27%; G3161221 Dereito Penal-Parte Xeral, un 88,16%; G3161222 Dereito Constitucional II-Os Dereitos e as Libertades e a súa protección, un 93,99%; G3161223 Dereito de Obrigacións e Responsabilidade Civil, un 89,06%; G3161225 Dereito Admininstrativo I-Fundamentos de Dereito Administrativo, un 90,45%; G3161226 Dereito do Traballo I, un 90,34%; G3161227 Derieto de Contratos, un 82,48%; G3161228 Dereito Administrativo I-Instrumentos da Actividade Administrativa, un 88,63%; G3161321 Dereito de Familia, un 94,89%; G3161322 Dereito de Traballo II, un 95,43%; G316323 Dereito Financeiro, un 99,40%; G3161324 Dereito Mercantil I, un 98,93%; G3161325 Dereito Penal, parte especial-Delitos contra a persoa e contra o patrimonio, un 99,48%; G3161326 Organización Xudicial e Proceso, un 94,76%; G3161327 Dereito de Sucesións, un 88,38%; G316328 Dereito Mercantil II, un 92,86%; G3161329 Dereito Penal, parte especial-delitos contra a orde socioeconómica e contra a comunidade, un 94,68%; G3161330 Dereito Procesual Penal, un 89,50%; G3161331 Dereito Administrativo II-Formas e medios da actividade administrativa, un 96,51%; G3161332 Procedementos tributarios, un 93,51%; G316421 Dereito Internacional Privado, un 97,44%; G316422 Dereito Mercantil III, un 99,10%; G316423 Dereito Procesual Civil I, un 89,51%; G3161424 Dereito Administrativo III-Garantías do administrado, un 97,46%; G3161425 Dereito Procesual Civil II, un 87,50%; G316426 Filosofía do Dereito, un 97,76%; G316427 Sistema

Tributario, un 97,78%; G3161442 Dereito Constitucional e Unión Europea, un 92,31%; G316443 Dereito Rexistral, un 100%; G3161444 Historia da Configuración Xurídica de Europa, un 100%; G3161446 Idioma Estranxeiro Técnico-Xurídico I Lingua Inglesa, un 90,91%; G3161450 Idioma Estranxeiro Técnico-Xurídico II Lingua Inglesa, un 100%; G3161454 Medicina Legal, un 90%; G3161455 Métodos de solución de conflictos e técnicas de negociación, un 94,83%; G3161460 Prácticas externas I, un 94,44%; G3161461 Prácticas Externas II, un 92%.

b) **Materias cuxa taxa de avaliación se sitúa entre o 60% e o 79%:** G3161122 Dereitos Reais, un 73,84%; G3161224 Dereito Internacional Público, un 76,34%; G3161428 Traballo Fin de Grado, un 66.20%; G3161441 Criminoloxía, un 76,47%; G3161445 Historia do pensamento Xurídico, un 72,22%;

c) **Materias cuxa taxa de avaliación se sitúa entre o 50% e o 59%:** G3161102 Dereito Romano-Introdución Histórica e Procesual-Dereitos Reais, un 52,04%; G3161107 Dereito Romano-Sucesión Hereditaria e Obrigas, un 54,40%;

Con relación a este último grupo de materias (c), é necesario articular unha acción de mellora, reiterativa das **AM-04 e AM-10 Curso 2022-2023**, consistente nunha reunión cos profesores encargados das referidas materias con fin de recabar información axeitada que permita entender as diferentes causas que motivaron estas porcentaxes e adoptar medidas oportunas que incrementen esas taxas de avaliación **(AM-01 Curso 2024/2025)**.

## 4. Taxa de graduación (IN37CG)

A taxa de graduación (relación porcentual de estudantes que remataron o Grao no tempo previsto no plan de estudos o un ano académico máis) no curso 2023/2024 foi do 58,05%, o que confirma unha tendencia descendente neste indicador. Pese a ello, este resultado sitúase por riba da taxa de graduación estimada na Memoria de Verificación do título, fixada no 40 % (apartado 8.1). Con todo, a taxa de graduación do grao sitúase por debaixo da media da Área (61,69%) e da USC (60,57%).



**DOBRE ITINERARIO DEREITO E RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS**

1. **Taxa de rendemento (IN34CG)**

A taxa de rendemento (relación entre os créditos superados e os créditos matriculados) no curso 2023/2024 foi do 81,14 %, amosando os datos unha tendencia ascendente neste indicador. Dita taxa está en coherencia coa media da Área (81,31%) e da USC (81,65%).




Non se conta con información desagregada da taxa de rendemento por materias nos cursos 2022/2023 e 2023/2024.

2. **Taxa de éxito (IN35CG)**

A taxa de éxito (porcentaxe de créditos superados sobre os créditos aos que o estudantado se presentou) no curso 2023/2024 foi do 90,24 %, consolidando así a evolución positiva deste indicador nos últimos cursos. A taxa de éxito do Dobre Itinerario é superior a da media da Área (87,63%) e da USC (88,09%).




Non se conta con información desagregada da taxa de éxito por materias nos cursos 2022/2023 e 2023/2024.

3. **Taxa de avaliación (IN36CG)**

A taxa de avaliación (relación porcentual entre os créditos aos que se presentaron e os créditos nos que se matricularon) no curso 2023/2024 foi do 89,91%, o que supón un lixeiro descenso respecto do valor acadada neste indicador no curso 2022/2023 (91,42). Neste caso, a taxa de avaliación do Dobre Itinerario é inferior á media da Área (92,79%) e da USC (92,69 %).




Non se conta con información desagregada da taxa de avaliación por materias nos cursos 2022/2023 e 2023/2024.

4. **Taxa de graduación (IN37CG)**

A taxa de graduación (relación porcentual de estudantes que remataron os estudios no tempo previsto no plan de estudos o un ano académico máis) no curso 2023/2024 foi do 43,75%, inferior a rexistrada no 2022/2023 (47,37%). Este indicador é inferior á media da Área (61,69%) e da USC (60,57%.).



| DIMENSIÓN 3. RESULTADOS |
|---|
| CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:<br>**Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.**<br>Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título. |
| **7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.** |
| Aspectos a valorar:<br>• Indicadores de demanda.<br>• Indicadores de resultados.<br>• Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos. |

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**GRAO EN DEREITO**

1. **Indicadores de demanda**

No curso 2023/2024 recibíronse un total de 956 solicitudes (INF.CIUG_2023-2024) para unha oferta de 170 prazas de novo ingreso (IN01C), o que representa un incremento del 14,35% respecto a los datos del curso anterior. Esta elevada demanda é, sen dúbida, unha das fortalezas da titulación.




A matrícula global no Grao en Dereito no curso 2023/2024 foi de 873 estudantes. (IN02C).



## Grao en Dereito

O número de estudantes que se matriculan por primeira vez no Grao en Dereito (incluido o estudantado que traslada o seu expediente ou que accede por validación parcial de estudos estranxeiros) mantense estable nos últimos anos con un promedio de 200 novas matrículas por curso académico (IN03C).

**Matrícula de acceso (IN03C)**




O número de estudantes que se matriculan no primeiro curso do Grao en Dereito por primeira vez, é dicir, sen contar aos estudantes que acceden a través de validación parcial de estudos estranxeiros ou traslados, tamén amosa unha tendencia estable superando as 180 matrículas nos últimos cinco cursos académicos (IN04C)

**Matrícula de novo ingreso por preinscrición**




A ratio entre o número de estudantes preinscritos en primeira opción e matriculados por primeira vez respecto das prazas ofertadas volve reflectir un incremento progresivo, alcanzando o 97,65 % no curso 2023/2024 (IN10G).

**Relación de estudantes preincritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas**




En canto a taxa de ocupación, rexistra datos por encima do 100% dende o curso 2019/2020, co 108,24 no curso 2023/2024 (IN12G).




A nota media do alumnado de bacharelato admitido foi de 11,021 e de formación profesional de 11.180 (INF.CIUG_2023-2024). A nota de corte situouse no 9,093 (INF.CIUG_2023-2024). A porcentaxe de estudantes que acceden á titulación teñen nota media igual ou superior a 6 no 100% dos casos (IN07C).

O interese da titulación circunscríbese na meirande parte ao mercado galego (93,33% do total), xa que soamente o 6,67% do total dos estudantes do Grao en Dereito procede de fora de Galicia (INF.CIUG_2023-2024).

## 2. Indicadores de resultados

A evolución dos indicadores de resultados do título é, en liñas xerais, coherente cos datos presentados na Memoria de Verificación, reflectindo un adecuado progreso académico por parte dos estudantes.

A taxa de graduación rexistrou un descenso nos cursos 2022/2023 e 2023/2024, revirtiendo o avance continuado observado nos cursos 2020/2021 e 2021/2022. No curso 2023/2024 esta taxa fixouse no 58,05% (IN37G).




A duración media dos estudos do Grao en Dereito incrementouse de forma paulatina nos últimos cursos académicos, acadando os 5,14 anos no curso 2023/2024 (IN38G), situándose de novo en valores similares aos rexistrados antes da COVID-19.

# Grao en Dereito

Duración media dos estudos (IN38G)




A taxa de abandono durante o primeiro curso aumentou nos dous últimos cursos académicos, pasando do 7,47 % en 2021/2022 ao 10,98 % en 2023/2024 (IN40G), aínda que se mantén por debaixo dos niveis rexistrados nos cursos 2018/2019, 2019/2020 e 2020/2021, así como da media da Área (20,47%) e da USC (17,52%) (IN41G / MedUSC_2023-2024).

Taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40G)




No curso 2023/2024, a taxa de abandono nos cursos superiores (RD 1393/2007) ascendeu ao 18,97 %, truncando a redución rexistrada nos tres cursos anteriores (IN41G). A medida correctora aplicada evidenciou un impacto limitado no tempo, polo que cómpre reavaliar as causas subxacentes e definir intervencións máis eficaces para reducir esta problemática. En todo caso, o dato deste indicador é inferior á media da Área (21,75%) e da USC (20,13%) (IN41G / MedUSC_2023-2024).

Taxa de abandono RD 1393/2007 (IN41G)




En relación coa taxa de éxito dos egresados (IN50G), os resultados reflicten unha evolución estable nos últimos catro cursos académicos, situándose arredor do 90 % (89,68 % no curso 2023/2024).




Polo que respecta á taxa de idoneidade na graduación (IN51G), este indicador mostra unha evolución descendente dende o curso 2020/2021, acadando no curso 2023/2024 o segundo valor máis baixo do período analizado, cun 23,6 %.




Finalmente, no que respecta á taxa de eficiencia (rendemento dos egresados), esta presenta unha media do 83,69 % nos últimos seis cursos académicos, situándose a cifra correspondente ao curso 2023/2024 lixeiramente por enriba desa media, cun 83,88%. Os datos apuntan hacia unha consolidación arredor destes valores (IN53G).



**DOBRE ITINERARIO EN DEREITO E RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS**

1. **Indicadores de demanda**

No curso 2023/2024 recibíronse un total de 133 solicitudes para cursar o Dobre Itinerario (INF.CIUG_2023-2024) para unha oferta de 20 prazas, o que representa unha reducción do 5% respecto do dato do curso anterior.




A matrícula global no curso 2023/2023 foi de 74 estudantes (IN02C).




O número de estudantes que se matriculan por primeira vez no Dobre Itinerario (incluido o estudantado que traslada o seu expediente ou que accede por validación parcial de estudos estranxeiros) mantense estable nos últimos anos con un promedio de 22,16 novas matrículas por curso académico (IN03C). Os datos do curso 2023/2024 sitúanse por encima desta media (23).




O número de estudantes que se matriculan no primeiro curso do Dobre Itinerario por primeira vez, é dicir, sen contar aos estudantes que acceden a través de validación parcial de estudos estranxeiros ou traslados, tamén amosa unha tendencia estable superando as 20 matrículas nos últimos cinco cursos académicos (IN04C)




A ratio entre o número de estudantes preinscritos en primeira opción e matriculados por primeira vez respecto das prazas ofertadas é do 100% ou superior como no caso do curso 2023/2025 (105%) (IN10G).




En canto a taxa de ocupación, o Dobre Itinerario rexistra datos por encima do 100% dende o curso 2019/2020, cun 115% no curso 2023/2024 (IN12G).




A nota media do alumnado de bacharelato admitido foi de 11,021 e de formación profesional de 11.761 (INF.CIUG_2023-2024). A nota de corte situouse no 9,508 (INF.CIUG_2023-2024). A porcentaxe de estudantes que acceden á titulación teñen nota media igual ou superior a 6 no 100% dos casos (IN07C).

O interese da titulación circunscríbese case en exclusiva ao mercado galego (95,45% do total), xa que soamente o 4,5% do total dos estudantes do Dobre Itinerario procede de fora de Galicia (INF.CIUG_2023-2024).

1. **Indicadores de resultados**

A evolución dos indicadores de resultados do título revela desviacións respecto dos obxectivos previstos.

A taxa de graduación rexistrou un acentuado descenso nos cursos 2022/2023 (47,37%) e 2023/2024 (43,75%), fronte aos rexistrados no curso 2021/2022 (80%) (IN37G).

# Grao en Dereito

**Taxa de graduación (IN37G)**




A duración media dos estudos do Dobre Itinerario mantense estable, correspondéndose coa duración prevista para a titulación que é de 6 anos (IN38G).

**Duración media dos estudos (IN38G)**




A taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40G), aínda sendo elevada no curso 2023/2024 (28,57%), está moi lonxe dos datos rexistrado no curso 2021/2022 no que alcanzaou o 70,83%. Na medida en que o valor actual do indicadaor continúa a ser motivo de preocupación, polo que é necesario o deseño e implementación dunha acción de mellora orientada á análise dos motivos subxacentes que inciden negativamente nos resultados académicos. Os datos deste indicador son superiores á media da Área (20,47%) e da USC (17,52%) (IN40G / MedUSC_2023-2024).

**Taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40G)**




No curso 2023/2024, a taxa de abandono nos cursos superiores (RD 1393/2007) descendeu ao 37,50 %. Trátase dun dato salientable, que supón unha mellora significativa respecto do curso 2022/2023, no que a taxa acadara o 52,63 % (IN41G). Con todo, o valor actual continúa a ser motivo de preocupación, polo que é necesario o deseño e implementación dunha acción de mellora orientada á análise dos motivos subxacentes que inciden negativamente nos resultados académicos. Os datos deste indicador son notablemente superiores á media da Área (21,75%) e da USC (20,13%) (MedUSC_2023-2024).

**Taxa de abandono RD 1393/2007 (IN41G)**



Causas que motivan o abandono do Dobre Itinerario: os motivos sinalados polo estudantado para abandonar o Dobre Itinerario, sobre os que se lles pregunta ao tramitiar a súa solicitude de recoñecemento de estudos para continuar no Grado en Dereito, fan referencia, por unha banda, á elevada carga lectiva derivada da realización simultánea de dúas titulacións, o que limitaba de forma significativa o tempo dispoñible para o estudo autónomo; e, por outra, ao diferente nivel de satisfacción percibido respecto das titulacións que integraban o programa.

En relación coa taxa de éxito dos egresados (IN50G), os resultados reflicten unha evolución estable nos últimos catro cursos académicos superando, en todos os casos, o 92% (92,71 % no curso 2023/2024).

**Taxa de éxito do egresados (IN50G)**




Polo que respecta á taxa de idoneidade na graduación (IN51G), este indicador mostra unha evolución descendente dende o curso 2021/2022, acadando no curso 2023/2024 o valor máis baixo do período analizado, cun 21,05 %.

**Taxa de idoneidade na graduación (IN51G)**




Finalmente, no que respecta á taxa de eficiencia (rendemento dos egresados), supera nos catro cursos académicos nos que contemos con datos o 90%. No curso 2023/2024, a taxa de eficiencia no Dobre Itinerario foi do 90,73% (IN53G).

**Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados) (IN53G)**




A vistas dos datos expostos, é preciso implementar unha acción de mellora con relación do Dobre Itinerario que aborde, entre outros aspecto, a reforma do seu plan de estudos.

**7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.**

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Da información facilitada pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC, os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado e dos integrantes dos demais grupos de interese, son axeitados á titulación.

1. **Satisfacción do estudantado**

– Os estudantes do Grao en Dereito amosan un alto nivel de satisfacción coa docencia recibida, cunha valoración media de 4,13 sobre 5 (IN46G), que se mantén estable dende o curso 2021/2022 e mellora progresivamente respecto aos rexistros do curso 2018/2019. A enquisa foi respondida polo 50,42 % do alumnado (INF14).




– Tamén amosan unha gran satisfacción cos programas de prácticas externos, sendo a súa valoración de 4.24 sobre 5 (INF06).




– A satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade alcanzou os 3.86 puntos sobre 5 (IN15G), que representa unha lixeira mellora respecto dos datos do curso anterior (3.74 sobre 5).




- O grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación é de 3,2 sobre 5 (IN42G), aínda que cómpre sinalar que a taxa de participación nesta enquisa foi moi reducida, do 6,44 % do estudantado. Este indicador debe ser obxecto dun seguimiento específico no próximo informe.




## 2. Satisfacción do PDI

- Neste apartado debemos salientar o elevado índice de satisfacción do profesorado coa docencia impartida no Grao en Dereito: un 4.23 sobre 5 (INF14 / IN47G), rexistrándose a mesma puntuación dende o curso 2021/2022. A porcentaxe de participación foi do 45,10%.




- O grao de satisfacción global do PDI coa titulación foi de 3.87 sobre 5 (INF23), cunha porcentaxe de participación na enquisa do 36,89%. No gráfico pódese observar como se alternan cada curso a puntuación de 3,87 e a de 4,08. Os ítems no que o PDI amosa unha menor satisfacción son os relativos a falta de asistencia do estudantado as aulas, así como a súa falta de implicación.




### 3. Satisfacción do PTXAS

- O nivel de satisfacción xeral do PTXAS co seu traballo foi dun 4, 04 sobre 5 (INF21), mellorando notablemente o dato rexistrado, a este respecto, no curso 2022/2023 (3,67 sobre 5).




## DOBRE ITINERARIO DEREITO E RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS

### 1. Satisfacción do estudantado

- Os estudantes do Dobre Itinerario amosan un alto nivel de satisfacción coa docencia recibida, cunha valoración media de 4,02 sobre 5 (IN46G / INF13). A enquisa foi respondida polo 75 % do alumnado (INF13).




- Tamén amosan unha gran satisfacción cos programas de prácticas externas, sendo a súa valoración de 4.04 sobre 5 (INF06).




– O nivel de satisfacción do estudantado coa titulación é de 2,46 sobre 5 (INF22), cunha taxa de participación na enquisa do 17,31 %. Aínda que se observa unha mellora en relación co curso pasado, o dato aínda non alcanza uns niveis que se poidan considerar aceptables.




**2. Satisfacción do PDI**

– Neste apartado debemos salientar, ao igual que se observou no Grao en Dereito, o elevado índice de satisfacción do profesorado coa docencia impartida no Dobre Itinerario: un 4.15 sobre 5 (INF14 / IN47G),o cal se mantén en parecidos termos ao longo dos tres últimos cursos académicos. A porcentaxe de participación foi do 48,65%.




– O grao de satisfacción global do PDI coa titulación do Dobre Itinerario foi de 3.86 sobre 5 (INF23), cunha porcentaxe de participación na enquisa do 37,59%. ítems no que o PDI amosa unha menor satisfacción son, ao igual que no Grao en Dereito, os relativos a falta de asistencia do estudantado as aulas, así como a súa falta de implicación.




**7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.**

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Unha das principais carencias no ámbito dos resultados das titulacións é a falta de información detallada sobre a inserción laboral das persoas egresadas en cada unha delas. Na actualidade, a USC non proporciona indicadores específicos neste eido, ao tratarse dunha función asumida pola ACSUG.

Os primeiros datos dispoñibles corresponden á cohorte de egresadas e egresados do curso 2013/2014, a primeira do Grao en Dereito. A evolución da súa inserción laboral, medida a través da afiliación á Seguridade Social, é a seguinte:

- Un ano despois de rematar os estudos (23/03/2015): a taxa de afiliación sitúase no 5,6%. Dese total, o 50% cotiza no grupo de persoas tituladas, todas con contrato indefinido, e non se rexistra ningunha persoa afiliada como autónoma.
- Dous anos despois (23/03/2016): a taxa de afiliación ascende ao 18,1%. Dentro deste grupo, o 76,9% cotiza como titulado/a, aínda que a porcentaxe de contratos indefinidos baixa ao 57,1%, e aparece un 7,7% de persoas afiliadas como autónomas.
- Tres anos despois (23/03/2017): a taxa de afiliación alcanza o 36,1%. O 69,2% das persoas afiliadas cotiza como titulado/a, cun 68,8% de contratos indefinidos e un 3,8% como autónomos/as. Obsérvase un lixeiro descenso na proporción de cotizantes no grupo de titulados/as respecto ao ano anterior.
- Catro anos despois (23/03/2018): a taxa de afiliación acada o 51,4%. Deste total, o 78,4% cotiza no grupo de persoas tituladas, cun 42,3% de contratos indefinidos e un 8,1% de afiliacións como autónomos/as.

A partir deste curso académico dispoñemos de datos sobre a inserción laboral do alumnado egresado nos cursos 2014/2015 a 2017/2018, que se recollen na seguinte táboa.

| Curso académico de egreso | Número de años desde egreso | Porcentaje de afiliación | Porcentaje de autónomos | Porcentaje de indefinidos | Base de cotización media |
|---|---|---|---|---|---|
| **2014/2015** | 1 | 4.1 | | | |
| **2014/2015** | 2 | 22.95 | 3.57 | | |
| **2014/2015** | 3 | 37.7 | 8.7 | 46.88 | 17.611,01 |
| **2014/2015** | 4 | 46.72 | 8.77 | 60.98 | 21.533,29 |
| **2015/2016** | 1 | 7.64 | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **2015/2016** | 2 | 29.3 | 4.35 | 53.13 | 17.196,94 |
| **2015/2016** | 3 | 39.49 | 6.45 | 63.04 | 19.997,78 |
| **2015/2016** | 4 | 47.13 | 6.76 | 62.26 | 25.061,8 |
| **2016/2017** | 1 | 12.58 | | | |
| **2016/2017** | 2 | 23.84 | | | |
| **2016/2017** | 3 | 29.14 | 11.36 | 65.52 | 20.106,32 |
| **2016/2017** | 4 | 40.4 | 9.84 | 60.98 | 22.398,82 |
| **2017/2018** | 1 | 15.42 | | | |
| **2017/2018** | 2 | 25 | 10 | 56 | |
| **2017/2018** | 3 | 34.38 | 10.91 | 57.89 | 18.522,77 |
| **2017/2018** | 4 | 43.75 | 8.57 | 67.31 | 22.356,63 |

A pesar das limitacións existentes no que respecta á dispoñibilidade de datos detallados sobre a inserción laboral das persoas egresadas, a Facultade de Dereito leva a cabo diversas iniciativas orientadas a facilitar a transición do estudantado ao mundo profesional. Entre estas destaca, por un lado, a oferta de prácticas externas curriculares e extracurriculares (Dimensión 1, criterio 1, punto 1.2 do presente informe) e, doutro, a organización anual das Xornadas de Saídas Profesionais, que inclúen varias sesións distribuídas ao longo do curso académico. Estas xornadas teñen como obxectivo ofrecer ao alumnado unha visión ampla e actualizada das distintas opcións profesionais ás que poden acceder unha vez rematados os seus estudos, así como establecer contacto directo con profesionais en activo de distintos sectores vinculados ao Dereito. Para garantir que os contidos resulten relevantes e axeitados aos intereses do estudantado, solicítase a colaboración dos delegados e delegadas de 4º curso, aos que se lles pide que consulten co seu grupo as temáticas que consideran de maior interese. A partir desta información, e sempre que as posibilidades organizativas o permitan, deseñan e programan as distintas sesións. Esta dinámica participativa non só contribúe a unha maior adecuación das actividades ás expectativas do alumnado, senón que tamén favorece a súa implicación activa no deseño da súa traxectoria formativa e profesional.

Resulta imprescindible avanzar cara á recollida sistemática e completa de datos sobre a inserción profesional do estudantado, a nivel institucional, co obxectivo de reforzar os procedementos de avaliación e mellora da titulación e de axustar a formación universitaria ás esixencias do exercicio profesional e do mercado laboral no ámbito xurídico **(AM-08 Curso 2022/2023)**. Segundo informa a Área de Calidade e Mellora Permanente (ACyMP) da USC, esta competencia foi atribuída á Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) mediante convenio entre as universidades galegas e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia. Non obstante, os informes elaborados pola ACSUG ofrecen datos agregados referidos ao conxunto do alumnado egresado do sistema universitario galego, sen desagregación por titulación. Esta circunstancia imposibilita a súa utilización para unha análise específica da inserción laboral do Grao en Dereito.

A falta dun mecanismo eficaz que permita á Facultade obter estes datos de forma estruturada reduce significativamente a utilidade da información dispoñible, ao dificultar tanto a elaboración dun diagnóstico rigoroso como a toma de decisións fundamentadas. Esta carencia revela unha debilidade relevante no sistema interno de seguimento. Ademais, a escaseza de recursos persoais na Facultade limita a súa capacidade para asumir esta función con garantías, motivo polo que a referida acción de mellora está aínda en execución.

| 3.MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS | |
|---|---|
| MODIFICACIÓN | XUSTIFICACIÓN |
| | |

| 4.LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES | | | |
|---|---|---|---|
| Criterios | Nº | Evidencia / Indicador | Documento/enlace |
| Todos | E1 | Memoria Vixente do título | ACSUG |
| Todos | E2 | Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora | ACSUG |
| 1 | E3 | Análise do perfil real de ingreso/egreso | Autoinforme, Criterio 1 |
| 1,6 | E4 | Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe) | Grao en Dereito: https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-dereito<br><br>Dobre Itinerario Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos: https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-sociais-xuridicas/dobre-grao-dereito-relacions-laborais-recursos-humanos |
| 1,3 | E5 | Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben | https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-dereito/SitePages/Comisi%C3%B3ns-Comisi%C3%B3n-de-Docencia-e-Calidade.aspx<br><br>https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-dereito/SitePages/Comisi%C3%B3ns-Comisi%C3%B3n-de-Docencia-e-Calidade.aspx<br><br>https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-dereito/SitePages/Comisi%C3%B3ns-Comisi%C3%B3n-de-Docencia-e-Calidade.aspx<br><br>https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-dereito/SitePages/Comisi%C3%B3ns-Comisi%C3%B3n-de-Docencia-e-Calidade.aspx |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión) | |
| 1 | E6 | Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos | Enlace web ou PDF(a facer pola UAXCD) |
| 1,6 | E8 | Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe | Autoinforme, Criterios 1 e 6 |
| 1,7 | I1 | Número de estudantes de novo ingreso por curso académico | 2502227_P.Ind_2023-2024 |
| | | | 2502227_INF.16_2023-2024 |
| | | | 2502227_INF.CiUG_2023-2024 |
| 1 | I2 | No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia | 2502227 _I2_2023-2024 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 1 | I3 | Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados) | 2502227_P.Ind_2023-2024<br>5025_INF.03_2023-2024 |
| 2 | E9 | Páxina web da universidade/ centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*") | USC: https://www.usc.gal/gl<br>Facultade de Dereito: https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-dereito<br>Grao en Dereito: https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-dereito<br>Dobre Itinerario en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos: https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-sociais-xuridicas/dobre-grao-dereito-relacions-laborais-recursos-humanos |
| 3 | E10 | Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos) | https://www.usc.gal/es/centro/facultad-derecho/calidad/documentacion-sgc |
| 3 | E11 | Evidencias da implantación dos procedimientos do SGC( procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de | https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-dereito |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, enseñanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública) | |
| 3,7 | E12 | Plans de mellora derivados da implantación do SGC | https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-dereito<br><br>https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-sociais-xuridicas/dobre-grao-dereito-relacions-laborais-recursos-humanos |
| 3,7 | E13 | Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,…) | Autoinforme, Criterios 3 e 7<br>Actas o informes |
| Todos | I4 | Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título | 2502227_P.Ind_2023-2024 |
| | | | 2502227_INF.04_2023-2024 |
| | | | 5025_INF.05_2023-2024 |
| | | | 2502227_INF.06_2023-2024 |
| | | | 2502227_INF.07_2023-2024 |
| | | | 2502227_INF.08_2023-2024 |
| | | | 2502227_INF.09_2023-2024 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | 5025_INF.10_2023-2024 |
| | | | 5025_INF.11_2023-2024 |
| | | | 2502227_INF.13_2023-2024 |
| | | | 2502227_INF.14_2023-2024 |
| | | | 5025_INF.21_2023-2024 |
| | | | 2502227_INF.22_2023-2024 |
| | | | 2502227_INF.23_2023-2024 |
| | | | 2502227_Informe_de_indicadores_2023-2024 |
| 3 | I5 | Resultados dos indicadores que integran o SGC | 2502227_P.Ind_2023-2024 |
| | | | 2502227_Informe_de_indicadores_2023-2024 |
| 4 | E15 | Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc) | 2502227_E15_2023-2024 |
| 4 | E16 | Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado) | 5025_E16_2023-2024 |
| 4 | E17 | Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, | Autoinforme, Criterio 4<br>Actas e informes |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | evolución, … ) | |
| 4 | I6 | Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas | 5025_I6-I7_2023-2024 |
| 4 | I7 | Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas | 5025_I6-I7_2023-2024 |
| 4 | I8 | Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,… ) | 2502227_INF.13_2023-2024<br>2502227_INF.14_2023-2024 |
| 4 | I10 | Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título) | 5025_I10_2023-2024 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 5 | E18 | Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título | https://www.usc.gal/es/centro/facultad-derecho |
| 5 | E19 | Información sobre servicios de orientación académica e programas de acollida | Oficina de Información Universitaria: https://www.usc.gal/gl/ao-teu-servizo/oiu<br>PAT: https://www.usc.gal/es/node/27291<br>Área de Orientación Laboral e Emprego: https://www.usc.gal/es/servicios/area/orientacion-laboral-empleo |
| 5 | E20 | Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares | Enlace web ou PDF |
| 5 | I11 | Distribución alumnado por centros de prácticas | Enlace web ou PDF |
| 5 | E22 | Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia | Campus virtual |
| 6 | E24 | Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación) | Enlace web ou PDF |
| 6 | E25 | Informes/listaxe das calificacións de cada unha | 2502227_INF.15_2023-2024 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | das materias do título | |
| 6 | E26 | Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe | Autoinforme, Criterio 6<br>Actas o informes |
| 7 | E30 | Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU) | Autoinforme, Criterio 7<br>Actas o informes |
| 6,7 | I12 | Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia):<br>- Taxa de graduación<br>- Taxa de abandono<br>- Taxa de eficiencia<br>- Taxa de rendimiento<br>- Taxa de éxito<br>- Taxa de avaliación | 2502227_P.Ind_2023-2024<br>2502227_INF.17_2023-2024<br>2502227_INF.18_2023-2024<br>2502227_INF.19_2023-2024<br>2502227_ INF_SIIU_2023-2024<br>2502227_Informe_de_indicadores_2023-2024 |
| 7 | I13 | Relación da oferta/deman | 2502227_P.Ind_2023-2024 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | da das prazas de novo ingreso | 2502227_INF.CiUG_2023-2024 |
| | | | 2502227_Informe_de_indicadores_2023-2024 |
| 7 | I14 | Resultados de inserción laboral | 2502227_EIL-SIIU_2023-2024<br>2502227_EIL-ACSUG _2023-2024 |
| 1,4,5 | I15 | Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,….) | 2502227_P.Ind_2023-2024<br>2502227_Informe_de_indicadores_2023-2024<br>2502227_MedUSC_cursocelda |

***Ver la informacíon pública mínima que debe estar publicada en la web (se encuentra en la guia de seguimiento/acreditación, pag 35).**

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | AM-01 (Curso 2022-2023) |
| Orixe | Informe de Seguimento |
| Ámbito de aplicación | CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO |
| Análise causa | Detectado desfase entre o número de prazas de novo ingreso que aparece na Memoria do Grao en Dereito co que se oferta na realidade. |
| Definición/ descrición proposta | Facer coincidir o número de prazas de novo ingreso que aparece na memoria do título coas 180 que se ofertan na realidade (170 para o Grao en Dereito e 10 para o Dobre itinerario Dereito/Relacións Laborais e recursos humanos). A proposta consiste en modificar a Memoria, aproveitando a necesidade de reformar o plan de estudos para adaptalo ó Real Decreto 822/2021, de 28 de septiembre, por el que se establece la organización de las enseñanzas universitarias y del procedimiento de aseguramiento de su calidad. |
| Datas | Finalización: 31/07/2024 ; Inicio: 01/03/2023 |
| Estado/Eficacia | Estado: Finalizada; Eficacia: eficaz; Data Estado: 31/07/2024 |
| Responsables | Vicente Sanjurjo Rivo, Comisión de Calidade e Docencia |

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | AM-01 (Curso 2023-2024) |
| Orixe | Plan de Melloras da Acreditación |
| Ámbito de aplicación | Criterio 1 - Organización e desenvolvemento |
| Análise causa | A presente proposta de modificación da titulación responde a diversas causas de natureza normativa, académica e profesional. En primeiro lugar, xorde como consecuencia da necesaria adaptación ao Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade. En segundo lugar, a modificación está motivada pola identificación de determinadas limitacións estruturais na configuración do título, postas de manifesto nos informes internos de seguimento, no Informe final de avaliación para a renovación da acreditació, así como nos resultados acadados nos últimos cursos académicos. En terceiro lugar, resulta preciso actualizar e reformular determinados contidos da titulación co fin de dar resposta aos cambios observados no contorno académico, social e profesional, así como ás novas demandas e necesidades detectadas no ámbito de exercicio profesional ao que se dirixe o título. |
| Definición/ descrición proposta | Aprobar unha reforma sustancial da memoria para a verificación do título do Grao en Dereito. |
| Datas | Finalización: 31/07/2024 ; Inicio: 11/01/2024 |
| Estado/Eficacia | Estado: Finalizada; Eficacia: eficaz; Data Estado: 31/07/2024 |
| Responsables | Ana Mª Gude Fernández, Comisión de Calidade e Docencia |

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | AM-02 (Curso 2023-2024) |
| Orixe | Informe de Seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 1 - Organización e desenvolvemento |
| Análise causa | A modificación proposta responde á necesidade de mellorar a organización docente da titulación, con especial atención á compatibilidade horaria para o alumnado repetidor. Os informes de seguimento e a experiencia acumulada nos últimos cursos puxeron de manifesto as dificultades que presenta este colectivo para conciliar a asistencia ás clases das materias pendentes con aquelas nas que está matriculado por primeira vez, debido a solapamentos horarios e a limitación que, no caso de grupos notablemente descompensados, plantexa o outorgamento de autorización para o cambio de grupo. |
| Definición/ descrición proposta | Rotación dos horarios dos grupos expositivos de mañá e tarde, garantindo que o estudantado curse dous anos en horario de mañá e dous anos en horario de tarde, conforme ao acordado na Xunta de Facultade. Ademais, para evitar solapamentos nas actividades interactivas, establécese a coincidencia das semanas de docencia interactiva para os cursos 1º e 2º, por unha banda, e 3º e 4º, por outra. |
| Datas | Finalización: 30/04/2024 ; Inicio: 05/02/2024 |
| Estado/Eficacia | Estado: Finalizada; Eficacia: eficaz; Data Estado: 31/07/2024 |
| Responsables | Vicente Sanjurjo Rivo, Comisión de Calidade e Docencia |

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | AM-03 (Curso 2023-2024) |
| Orixe | Informe de Seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 2 - Información e transparencia |
| Análise causa | Detectouse a falta de funcionalidade da páxina web da Facultade, o que limita a súa eficacia como ferramenta de comunicación coa comunidade universitaria e co público en xeral. Esta situación dificulta o acceso á información relevante e actualizada sobre a titulación, os servizos, procedementos e actividades, o que pode afectar negativamente a visibilidade e a accesibilidade da Facultade. Conscientes da importancia dunha presenza dixital efectiva, proponse acometer a optimización da páxina web, orientada a garantir unha ferramenta de comunicación máis accesible, intuitiva e actualizada. Unha web ben estruturada facilitará o acceso á información, mellorará a interacción cos distintos colectivos e fortalecerá a imaxe institucional da Facultade. |
| Definición/<br>descrición proposta | Redeseñar a intranet para facela máis intuitiva e accesible, priorizando a navegación sinxela e a localización rápida de información. |
| Datas | Finalización: 31/07/2026 ; Inicio: 22/04/2024 |
| Estado/Eficacia | Estado: Activa; Eficacia : --; Data Estado: -- |
| Responsables | Marta Balea Cotos |

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | AM-04 (Curso 2023-2024) |
| Orixe | Plan de Melloras da Acreditación |
| Ámbito de aplicación | Criterio 2 - Información e transparencia |
| Análise causa | Detectouse que a información relativa aos horarios non se presenta de forma centralizada, o que dificulta coñecer, dun simple vistazo os horarios dos distintos cursos e grupos. Esta fragmentación da información dificulta a planificación académica por parte do alumnado, así como do PDI, e reduce a eficiencia na consulta. |
| Definición/<br>descrición proposta | Publicar na sección "Horarios" (https://www.usc.gal/es/centro/facultad-derecho/horarios) os horarios do Grao en Dereito nun arquivo único en formato PDF. |
| Datas | Finalización: 31/07/2024 ; Inicio: 01/04/2024 |
| Estado/Eficacia | Estado: Finalizada; Eficacia: eficaz; Data Estado: 31/07/2024 |
| Responsables | Marta Balea Cotos |

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | AM-04 (Curso 2022-2023) |
| Orixe | Informe de Seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE |
| Análise causa | Detectado un número moi alto de repitidores nas materias G3161102 - Dereito Romano – Introducción Histórica e Procesual - Dereitos Reais; G3161104 - Fundamentos Históricos do Dereito e G3161107 - Dereito Romano – Sucesión Hereditaria e Obrigas. |
| Definición/ descrición proposta | Falar co profesorado das áreas implicadas co fin de analizar as causas e adoptar as medidas pertinentes para baixar o número de repitidores. |
| Datas | Finalización: 20/10/2023 ; Inicio: 03/07/2023 |
| Estado/Eficacia | Estado: Finalizada; Eficacia: Non eficaz; Data Estado: 26/02/2024 |
| Responsables | Vicente Sanjurjo Rivo, Comisión de Calidade e Docencia |

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | AM-05 (Curso 2023-2024) |
| Orixe | Plan de Melloras da Acreditación |
| Ámbito de aplicación | Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade |
| Análise causa | Os niveis actuais de participación nos instrumentos de avaliación da calidade seguen a ser insuficientes para obter resultados realmente significativos e representativos. Esta limitación afecta á fiabilidade das conclusións e á capacidade do centro para adoptar decisións informadas orientadas á mellora continua. Para avanzar neste ámbito, resulta imprescindible seguir incorporando medidas que favorezan o asentamento dunha cultura de calidade sólida na Facultade. |
| Definición/<br>descrición proposta | Para acadar unha maior implicación da comunidade universitaria no sistema de garantía de calidade da titulación, proponse a implementación das seguintes acción:<br>– Campaña informativa en cada periodo de avaliación: onsistente en: a) envío de correos electrónicos explicativos dirixidos ao PDI, PTXAs e alumnado; b) cartelería sobre a utilidade real das enquisas; c) publicación en redes sociais da Facultade.<br>– Reserva de 10 minutos ao final dunha sesión lectiva para que o estudantado cubra as enquisas de satisfacción da docencia, coa colaboración expresa do profesorado responsable e dos/as coordinadores/as de curso. |
| Datas | Finalización: 28/06/2024 ; Inicio: 04/12/2023 |

| | |
|---|---|
| Estado/Eficacia | Estado: Finalizada; Eficacia: eficaz; Data Estado: 31/07/2024 |
| Responsables | Natalia Pérez Rivas, Comisión de Calidade e Docencia |

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | AM-06 (Curso 2023-2024) |
| Orixe | Propostas de Mellora |
| Ámbito de aplicación | Criterio 5 - Recursos materiais |
| Análise causa | Os problemas detectados no acceso pola zona da Biblioteca Concepción Arenal derivan da falta de mantemento adecuado da infraestrutura e dunha planificación deficiente en materia de accesibilidade. A presenza de desniveis no pavimento pode deberse ao desgaste dos materiais ou a reformas previas mal executadas. A acumulación de auga revela unha carencia de sistemas eficaces de drenaxe, mentres que as dificultades de acceso para persoas con mobilidade reducida poñen de manifesto a inexistencia de adaptacións conforme á normativa vixente en materia de accesibilidade universal. Estes elementos combinados comprometen a seguridade e a inclusión, xerando unha situación que require unha intervención inmediata. |
| Definición/ descrición proposta | Obras de acondicionamento da entrada á Facultade de Dereito pola zona da Biblioteca Concepción Arenal |
| Datas | Finalización: 30/04/2024 ; Inicio: 04/03/2024 |
| Estado/Eficacia | Estado: Finalizada; Eficacia: eficaz; Data Estado: 31/07/2024 |
| Responsables | Francisco Javier Framiñán Santas |

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | AM-06 (Curso 2022-2023) |
| Orixe | Informe de Seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 5 - Recursos materiais |
| Análise causa | Falla la impermeabilización en algunas zonas del edificio. |
| Definición/<br>descrición proposta | Reparación da cuberta do edificio e instalacións de novas baixantes. |
| Datas | Finalización: 31/07/2024 ; Inicio: 30/06/2023 |
| Estado/Eficacia | Estado: Finalizada; Eficacia: eficaz; Data Estado: 31/07/2024 |
| Responsables | Ana Mª Gude Fernández |

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | AM-07 (Curso 2022-2023) |
| Orixe | Informe de Seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 5 - Recursos materiais |
| Análise causa | A calefacción non chega ó terceiro andar. |
| Definición/ descrición proposta | Cambiar o sistema de calefacción. A mellora consitiu, finalmente, na instalación dunhas bombas de calor co obxectivo de dar solución aos problemas de calefacción que se viñan detectando na terceira planta do edificio. |
| Datas | Finalización: 31/07/2024 ; Inicio: 01/06/2023 |
| Estado/Eficacia | Estado: Finalizada; Eficacia : Non eficaz; Data Estado: 31/07/2024 |
| Responsables | Ana Mª Gude Fernández, Comisión de Calidade e Docencia |

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | AM-07 (Curso 2023-2024) |
| Orixe | Propostas de Mellora |
| Ámbito de aplicación | Criterio 5 - Recursos materiais |
| Análise causa | Detectouse a ausencia dunha xornada de benvida específica para o alumnado de intercambio, o que dificulta a súa integración inicial na Facultade. Aínda que se organiza unha xornada de acollida para o estudantado de primeiro curso do Grao en Dereito e do Dobre Itinerario en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos —como a celebrada o 11 de setembro de 2021—, o alumnado internacional non dispón dun espazo equivalente que lle facilite información básica sobre a estrutura do centro, os servizos dispoñibles ou os procedementos académicos. Esta carencia provoca que o alumnado de intercambio comparta as mesmas dificultades que o estudantado de novo ingreso, sen contar cun apoio inicial adaptado á súa situación particular. Por este motivo, proponse programar unha xornada de acollida específica para este colectivo, co fin de mellorar a súa orientación académica e a súa integración institucional e social desde o primeiro momento. |
| Definición/<br>descrición proposta | Organización dunha xornada de acollida ao inicio do primeiro e do segundo semestre orientada ao alumnado dos programas de intercambio. |
| Datas | Finalización: 30/09/2024 ; Inicio: 31/01/2024 |
| Estado/Eficacia | Estado: Activa; Eficacia : --; Data Estado: -- |
| Responsables | Vicente Sanjurjo Rivo |

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | AM-08 (Curso 2023-2024) |
| Orixe | Informe de Seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe |
| Análise causa | Asignaturas que presentan unha taxa de rendemento, unha taxa de éxito e unha taxa de avaliación por debaixo do valor previsto na memoria de verificación. |
| Definición/ descrición proposta | Reunión do Vicedecano de organización docente co PDI encargados das referidas materias con fin de recabar información axeitada que permita entender as diferentes causas que motivaron estas porcentaxes tan baixas e adoitar medidas oportunas que incrementen esas taxas. Deberá organizarse tamén unha reunión cos representantes do estudantado. |
| Datas | Finalización: 31/10/2024 ; Inicio: 12/07/2024 |
| Estado/Eficacia | Estado: Finalizada; Eficacia: Non eficaz; Data Estado: 13/12/2024 |
| Responsables | Vicente Sanjurjo Rivo, Comisión de Calidade e Docencia |

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | AM-10 (Curso 2022-2023) |
| Orixe | Propostas de Mellora |
| Ámbito de aplicación | Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe |
| Análise causa | Excesivo número de alumnos/as repetidores en las siguientes materias: G3161102 - Dereito Romano – Introducción Histórica e Procesual - Dereitos Reais. En esta materia llama poderosamente la atención el número de alumnos repetidores. Así, en el curso 2021/2022 el número de alumnos repetidores, sumando del GD y del DIDRLRH era de 253 (más que los 187 del curso 2020.2021). G3161104 - Fundamentos Históricos do Dereito. En esta materia llama también la atención el número de alumnos matriculados repetidores: 121, cantidad que, además, sube con respecto al curso 2020.2021 (que eran 77). G3161107 - Dereito Romano – Sucesión Hereditaria e Obrigas. Vuelve e ser llamativo el número de matriculados repetidores: 214, cantidad que también sube con respecto al alumnado repetidor matriculado en el curso 2020.2021: 125. |
| Definición/ descrición proposta | Adoptar medidas tendentes a bajar el excesivo número de repetidores. |
| Datas | Finalización: 20/10/2023 ; Inicio: 03/07/2023 |
| Estado/Eficacia | Estado: Finalizada; Eficacia: Non eficaz; Data Estado: 31/07/2024 |
| Responsables | Vicente Sanjurjo Rivo, Comisión de Calidade e Docencia |

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | AM-5 (Curso 2021-2022) |
| Orixe | Plan de Melloras da Acreditación |
| Ámbito de aplicación | Criterio 5 - Recursos materiais |
| Análise causa | Existen humedades y goteras en algunas zonas del edificio |
| Definición/<br>descrición proposta | Continuar con las labores de impermeabilización y limpieza de la fachada; la primera fase de esta acción se acometió en el 2018. Ello permitirá, confiamos, eliminar las goteras existentes en el aula 5, y en general, las humedades existentes en varias zonas del edificio. |
| Datas | Finalización: 31/07/2024 ; Inicio: 24/03/2022 |
| Estado/Eficacia | Estado: Finalizada; Eficacia: eficaz; Data Estado: 31/07/2024 |
| Responsables | Natalia Pérez Rivas |